



RESUMO E CONSIDERAÇÕES

1.

Panorama económico

• Contexto económico xeral

A economía mundial continúa no ano 2016 coa desaceleración no ritmo de crecemento do produto interior bruto (PIB) real segundo os datos proporcionados polo FMI. No último ano a taxa de variación interanual do PIB foi do 3,1%, tres décimas menos que no ano anterior. Segundo reflicte o dito organismo internacional, esta desaceleración vén motivada por múltiples factores tanto económicos, entre os que se poden salientar o estancamento das economías avanzadas e o débil crecemento dos Estados Unidos, o axuste da economía en China ou a baixa inflación, como non económicos, entre os que menciona os efectos do Brexit, a situación dos refuxiados en Europa e nos países próximos, os atentados terroristas ou a presión mundial a favor de políticas populistas e isolacionistas, entre outros. Non obstante, este crecemento foi moi desigual entre os distintos países ou áreas xeográficas.

As economías avanzadas no seu conxunto medran un 1,7%, catro décimas menos que en 2015, influenciadas pola minoración da actividade produtiva dos EUA, dos países da zona euro ou da economía xaponesa. A economía dos EUA presenta unha importante desaceleración no seu ritmo de crecemento, cun 1,6% (2,6% no ano anterior) impulsada pola demanda interna, xa que

a debilidade da demanda externa se traduce en que o sector exterior detrae por segundo ano consecutivo décimas ao crecemento agregado do PIB (unha décima en 2016 e seis en 2015).

As economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento no seu conxunto manteñen a desaceleración do dinamismo da súa actividade produtiva, e no ano 2016 acada unha medra do 4,1%, unha décima menos que no ano anterior. Os países emerxentes de Asia e Pacífico seguen a ser os de maior crecemento a nivel mundial, cun 6,4%, aínda que minoran levemente o seu crecemento, e neste comportamento incide a economía chinesa que continúa coa súa forte desaceleración iniciada en 2010 que fai que o seu PIB medre un 6,7% (en 2010 a taxa de crecemento era do 10,6%). Por contra, India consolida o seu dinamismo e por segundo ano consecutivo presenta unha taxa de crecemento superior á de China (6,8%). Entre os países emerxentes europeos cómpre salientar que se mantén a contracción da economía rusa, que presenta unha caída do 0,2%.

Nos países de América Latina e Caribe, a desaceleración dos últimos cinco anos deu paso a unha acusada contracción económica. A caída do 1% do PIB nesta re-

xión está influenciada pola forte recesión da economía de Brasil (-3,6% con relación ao ano anterior) así como pola caída da actividade en Arxentina (-2,3% fronte ao crecemento do 2,6% en 2015) e en menor medida polo impacto da contracción do PIB en Venezuela (-18%).

• Zona euro

Os países da zona euro presentan no último ano un crecemento medio de 1,7%, tres décimas menos que en 2015, impulsados pola achega de dous puntos da demanda interna ao crecemento agregado do PIB, xa que o sector exterior detrae tres décimas no último ano. Entre as economías da zona euro salienta o crecemento da economía española, cun 3,2% respecto do ano anterior, superando a países como Alemaña (1,5%), Francia (1,2% no ano anterior) ou Italia (0,8%). Entre os países europeos que non forma parte do euro cómpre mencionar, pola súa importancia, o crecemento do 1,8% do PIB do Reino Unido ou o 3,3% rexistrado en Suecia.

O FMI sinala que as perspectivas de recuperación avanzarán a ritmos próximos aos deste ano, malia que indica que se pode ver minoradas por mor da incerteza xerada polas relacións UE-Reino Unido tras o Brexit, ou polos resultados das eleccións en varios países comunitarios. Así mesmo, persisten dificultades derivadas dos niveis de inflación reducidos, a elevada débeda pública e privada, factores demográficos ou as aínda elevadas taxas de desemprego, sobre todo de longa duración, que no conxunto da Eurozona se sitúan no 10%, case catro puntos por riba da media do conxunto das economías avanzadas (6,2%). Dentro da Eurozona salientan as taxas de paro de Grecia (23,4%) e España (19,6%).

• A economía española

O cadro macroeconómico da economía española reflicte unha certa moderación no proceso da súa recuperación económica. Dunha banda, a taxa de variación interanual do PIB real xerado pola economía española medrou un 3%, porcentaxe similar á estimada no ano anterior. No cuarto trimestre do ano, a taxa de crecemento foi do 3%, a porcentaxe máis reducida dende o primeiro trimestre de 2015. Doutra banda, as taxas de variación intertrimestrais amosan unha certa desaceleración no segundo semestre do ano, con incrementos do 0,7% tanto no terceiro como no cuarto trimestre.

A recuperación do PIB real vén explicada pola achega positiva tanto da demanda interna como externa ao crecemento agregado do PIB. A demanda interna é o principal motor de crecemento dende o punto de vista da demanda, con 2,8 puntos, mentres que o saldo exterior neto contribúe con catro décimas ao crecemento do PIB.

O gasto privado sitúase como o compoñente da demanda interna con maior dinamismo, ao incrementarse o gasto das familias un 3,2% con respecto ao ano anterior. Séguelle o investimento, medido pola formación bruta de capital fixo (FBCF), que a pesar da súa forte ralentización medra un 3,1% no último ano (6% no ano anterior). A dita ralentización do investimento explícase tanto polo comportamento do investimento en activos fixos materiais como nos produtos de propiedade intelectual. Finalmente, cómpre destacar a reducida taxa de variación interanual do gasto en consumo final das administracións públicas, cun 0,8%.

O CES pon de manifesto que se está moderando o avance do PIB da economía española. Neste sentido, considera que o efecto positivo dos factores externos podería esmorecer ante a existencia de riscos que ameazan á economía global. Polo tanto, para darlle pulo ao crecemento, este deberase asentir, fundamentalmente, nos factores internos.

A achega positiva da demanda externa explícase polo maior dinamismo das exportacións que das importacións, que medran un 4,4% e 3,3%, respectivamente.

Dende o punto de vista da oferta, todos os sectores produtivos presentan un incremento na xeración do valor engadido, salientan o sector servizos e o sector primario cun crecemento do 3,4%. Entre as ramas de actividade do sector terciario cómpre mencionar o incremento do 6,9% das ramas de actividades profesionais, así como dos servizos de información e comunicacións, co 5,6%.

Séguenlle en importancia a industria manufacturera, cunha medra interanual do 3,1%, aínda que a medida que avanza o ano o sector presenta unha ralentización do seu crecemento e remata o ano cunha medra do 2%,

a taxa máis reducida dende o terceiro trimestre de 2013. A construción experimenta unha medra do 2,5% respecto ao ano anterior, acadando as taxas de crecemento máis elevadas no segundo semestre do ano.

• A economía galega

A economía galega continúa en 2016 coa súa senda expansiva ao encadear tres trimestres consecutivos con taxas de variación interanuais superiores ao 3%. A taxa de crecemento interanual acumulado do seu produto interior bruto real a prezos de mercado foi do 3,1%, un punto superior ao do ano anterior. Este crecemento é lixeiramente máis feble que no conxunto do Estado (3,2%) se ben hai que destacar que o PIB galego medra máis que o español no segundo semestre do ano.

O CES resalta a importancia de consolidar o potencial de crecemento posto de manifesto na economía galega ao longo do ano 2016 e fixar así unha base sólida para unha economía sustentable, intensiva en coñecemento, competitiva e que permita ter unha sociedade con altos niveis de benestar.

Dende o punto de vista cuantitativo, a dita recuperación ten o seu reflexo no mercado de traballo atendendo tanto ao incremento do volume total da ocupación, xa se mida en termos de poboación ocupada, afiliacións ou postos de traballo equivalentes a tempo completo, como se se considera o descenso do desemprego estimado pola EPA ou do rexistrado no Servizo Público de Emprego.

Con todo, fronte a estes datos positivos cómpre mencionar que este dinamismo non foi quen de frear a tendencia descendente da poboación activa, aínda que no último ano minora a súa caída.

Cun crecemento económico superior ao 3 %, o CES considera que persisten desequilibrios na economía galega que a fan vulnerable, tales como a caída da poboación activa ou as elevadas taxas de paro, polo que se debe avanzar nun modelo de crecemento máis sustentable, incluso e cunha distribución equitativa da riqueza.

• Agregados de demanda

A aceleración da economía galega prodúcese de xeito máis equilibrado que nos dous anos anteriores xa que por primeira vez dende o ano 2007, a demanda interna e externa contribúen positivamente ao crecemento agregado do PIB.

A demanda interna mantense como o principal motor de crecemento, cunha achega de 2,5 puntos ao crecemento agregado do PIB, en tanto que o sector exterior achega seis décimas. O dito diferencial en relación co crecemento no conxunto do Estado vén explicado pola menor achega da demanda interna (2,8 puntos en España) xa que a contribución da demanda externa é dúas décimas superior en Galicia (0,4 puntos no Estado).

O gasto privado sitúase en 2016 como a variable con maior crecemento, cun 2,6% respecto do ano anterior, seguido do gasto en consumo final das administracións públicas, cun 2,3. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, pódese salientar unha importante diferenza: mentres que o consumo privado en Galicia medra por baixo da media española (3,2%), o gasto público é punto e medio inferior en España (0,8%). Non obstante, no cuarto trimestre do ano o gasto das administracións públicas en Galicia contráese un 0,7% respecto do mesmo período do ano anterior.

O investimento, medido en termos de formación bruta de capital, minora o seu crecemento, ao experimentar unha medra interanual do 2,2 % cando no ano anterior o fixera nun 5,8 %. Así mesmo, a FBC medra no cuarto trimestre un 1,6 %, a porcentaxe máis reducida dende o primeiro trimestre de 2014. Pola súa banda, a economía española presenta novamente unha maior intensidade no crecemento do investimento, cun 3,8 %. No concernente á demanda externa, tanto as exportacións de bens e servizos como as importacións medran en Galicia a un ritmo superior ao da media española. O cadro macroeconómico reflicte que as vendas galegas ao exterior medran un 5,5 % (4,4 % en España) e que as importacións o fixeron un 4,4 % (3,3 % no Estado).

• Agregados de oferta

A nivel agregado todos os grandes sectores produtivos volven a presentar taxas de crecemento positivas no



ano 2016. No conxunto do ano a industria manufacturera sitúase como o sector máis dinámico, cunha medra interanual do 3,5% respecto do ano anterior, seguido polo sector servizos, que impulsado polo sector de comercio, hostalería e transporte, medra un 3,3%. Ao longo de 2016 ambos os dous sectores presentan unha tendencia distinta xa que mentres que a industria manufacturera minora o seu crecemento ata o 2% do cuarto trimestre (a máis baixa dende o primeiro trimestre de 2013), o sector servizos sitúase como o que máis medra nos últimos tres trimestres de 2016.

O sector da construción minora o seu crecemento no último ano ao acadar unha taxa de variación interanual do 3,1%, seis décimas menos que no ano anterior. Do mesmo xeito, o sector primario presenta un incremento do 0,9%, punto e medio inferior á rexistrada no ano 2015.

Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o diferencial dunha décima a favor da economía española explícase polo maior dinamismo do sector servizos e das actividades englobadas no sector primario (3,4% cada unha delas), mentres que a industria manufacturera e a construción medran a un ritmo inferior en España (3,1% e 2,5%, respectivamente).

• Distribución da renda

No ano 2016 continúa o descenso do peso relativo da remuneración dos asalariados no PIB a diferenza do que acontece co excedente bruto de explotación/rendas mixtas (EBE). A participación dos asalariados na renda sitúase no 43,4% (no ano 2015 era do 44%) en tanto que o peso relativo do EBE sitúase no 46,5% (46% no ano anterior).

Se se toma como referencia o inicio da crise, no período 2008-16 a participación dos asalariados na renda diminúe en 3,5 puntos porcentuais, e pasa do 46,9% no ano 2008 ata os ditos 43,4% do último ano, en tanto que o peso do EBE se incrementa en 1,5 puntos porcentuais, pasando do 45% aos 46,5% en 2016. Así mesmo, cómpre resaltar que por cuarto ano consecutivo o peso relativo das remuneracións salariais sobre o PIB é inferior ao dos excedentes de explotación.

Para o CES é necesario a aplicación de medidas que manteñan a puxanza da demanda in-

terna, e así contribuír á redución do desequilibrio existente na distribución funcional da renda.

Esta menor achega da remuneración de asalariados no PIB prodúcese a pesar de que por segundo ano consecutivo medra a masa salarial. En termos monetarios, a remuneración salarial experimenta no ano 2016 unha medra do 1,9%, porcentaxe sensiblemente inferior ao do PIB nominal (3,2%) e en maior medida á dos impostos netos sobre a produción e importación (3,4%) e ao excedente bruto de explotación, cun 4,4%.

• Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha medra nominal do 0,92%, dúas décimas superior ao incremento rexistrado en 2015.

O custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2016 un incremento do 0,1% (redúcese un 0,4% de media no conxunto do Estado) para situarse nos 2.248,26 euros de media, un 13,1% menos que en España. Tras esta evolución, Galicia sitúase como a terceira comunidade autónoma cos custos laborais máis reducidos só por riba de Estremadura e Canarias.

Igualmente Galicia é a terceira comunidade autónoma cun menor custo salarial ordinario, con 1.446,93 euros/mes, o que supón unha redución do 0,1% con respecto ao ano anterior, case 190 euros menos que o custo salarial medio estatal.

A produtividade aparente do factor traballo, medida como o cociente entre o PIB nominal e o emprego equivalente a tempo completo, mantense no último ano lixeiramente por baixo do 92% da produtividade media estatal, e foi significativamente reducida no caso da industria manufacturera, que representa tan só o 73,6% da media estatal. Tan só o sector primario volve a presentar unha produtividade aparente superior á media estatal.

• Inflación e prezos

O índice xeral de prezos ao consumo (IPC) retoma as taxas de variación interanuais positivas a partir do mes de setembro de 2016, e remata o ano cunha medra do

1,6% en relación co mesmo mes de decembro do ano anterior, crecemento similar á media estatal. Neste último ano as catro provincias galegas rexistran un incremento de prezos, en Ourense é do 1,7% e similar á media galega nas outras tres provincias.

Os produtos que presentan un maior incremento dos prezos tanto en Galicia como en España, pertencen ao grupo de transporte e comunicacións (4,7% e 3,3%, respectivamente). Pola contra, redúcense os prezos na comunidade autónoma no grupo enxoval, cunha caída do 0,5%, mentres que no Estado cae no caso dos medicamentos un 0,1%.

Cómpre destacar que a inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) aumentou ao longo de todo o ano tanto en Galicia como no conxunto do Estado, e o 2016 remata cunha medra interanual do 0,9% e 1%, respectivamente.

O índice de prezos industriais (IPRI) aumenta en Galicia un 2,9% (unha décima máis que no conxunto do Estado) consecuencia, fundamentalmente, do impacto dos bens enerxéticos, cun incremento do 15,7% en taxa interanual, presentando os bens de consumo duradeiro unha medra do 0,7%. Por contra, no último ano só descende o IPRI dos bens intermedios, cunha redución do 0,1%.

• Marco orzamentario e recadación tributaria

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, cuxa elaboración se realizou sobre a base dun escenario macroeconómico caracterizado por unha ralentización da economía galega, aprobáronse nun momento en que aínda non o estaban os orzamentos do Estado, o que outorgaba unha situación de incerteza. Ao igual que no ano anterior, a Xunta de Galicia aprobou uns orzamentos consolidados expansivos, ao rexistrar unha medra do 4,8% respecto do ano anterior. O presuposto ascende a 10.881,1 millóns de euros o que representa arredor do 18,5% do PIB galego estimado para ese ano.

A conta financeira homoxeneizada para os anos 2016 e 2017 reflicte que os ingresos non financeiros aumentaron un 1,4% en relación co exercicio precedente (119,3 millóns de euros), ascendendo en termos abso-

lutos ata os 8.740,6 millóns de euros. O gasto non financeiro presenta unha evolución positiva do 2,9% (uns 257 millóns de euros máis que no ano 2016) e acada os 9.009,1 millóns de euros.

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2017, unha vez realizados os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, situouse en 297,7 millóns de euros, o que suporía o 0,5% do PIB. A débeda acumulada no ano 2016 ascendeu, segundo os datos de avance do Banco de España, a 10.854 millóns de euros, o 3,9% da débeda total española. Cun incremento do 4,6 % en relación co ano anterior, Galicia sitúase como a sexta C.A. que rexistra un menor incremento, só por detrás de Canarias (2%), Baleares (2,9%), Cataluña (3,4%), A Ríoxa (3,6%) e Navarra (3,9%), e o incremento medio estatal é do 5,2%. O endebedamento por habitante medrou en relación co ano anterior, ata acadar os 3.992,61 euros, moi por debaixo da media estatal que é de 5.947,53 euros por habitante.

Dende un punto de vista funcional, o orzamento correspondente a sanidade, educación e acción social e promoción social aumenta un 3% en relación co ano anterior, que se sitúa nos 6.490,3 millóns de euros, o que supón máis do 60% do orzamento de gastos. En relación co exercicio anterior, os gastos en educación e sanidade aumentan lixeiramente por baixo do 3% fronte ao 4,2% no caso da acción e promoción social. En termos absolutos, cómpre destacar o incremento da dotación na función "Débeda Pública", con 224,1 millóns de euros (14%), por diante da sanidade e educación, con 100 e 61,3 millóns, respectivamente.

O CES considera necesario suprimir a limitación da taxa de reposición de efectivos existentes no sector público co obxectivo de dotar de recursos suficientes que permitan garantir uns servizos públicos de calidade.

A recadación tributaria en Galicia aumentou por terceiro ano consecutivo para situarse en case 6.600 millóns de euros, un 3,2% máis que no ano anterior, e o seu peso relativo mantense no total estatal no 3,5%. O imposto máis importante en termos de recadación é o IRPF, con 2.518,1 millóns de euros (38,2% da recada-

ción total), seguido polo IVE, con 2.377,4 millóns (36%), e o imposto de sociedades, con 1.297,2 millóns de euros (19,7%). En relación co ano anterior, salienta o descenso da recadación por impostos directos (4,3%) influenciado fundamentalmente pola caída da recadación do imposto de sociedades (case o 12%), esta redución é do 0,2% no caso do IRPF. Por contra, os impostos indirectos medran por riba do 17% con respecto ao ano anterior, destaca o incremento do IVE, cun 14,6% e a dos impostos especiais.

• Proceso de converxencia

O peso relativo do PIB da economía galega no último exercicio mantense no 5,2% do total estatal, lixeiramente por baixo do rexistrado en 2008, cun 5,3%. Tendo en conta o efecto da caída da poboación, o indicador PIB rexionalizable per cápita sitúase en 89,1 puntos (España=100), o valor máis alto da serie 2000-2016. En relación coa media da UE-28, no ano 2015 (último dato dispoñible) o maior crecemento da economía galega free a diverxencia coa media comunitaria, e no último ano acada o 79,2% do PIB por habitante da UE, nivel similar ao de 2003.

• Evolución demográfica

A recuperación da economía galega iniciada no ano 2014 non foi quen de frear a tendencia descendente da poboación empadroada en Galicia, especialmente significativa no caso da poboación potencialmente activa. O impacto negativo da dita tendencia incide no despoboamento, avellentamento, na cada vez menor capacidade de recuperación demográfica en Galicia, así como no mercado de traballo. A poboación de dereito rexistrada en Galicia a 1 de xaneiro de 2016 descende ata as 2.718.525 persoas, 13.822 menos que no ano anterior.

Aínda que con distinta intensidade, este descenso se produce tanto no caso dos homes como das mulleres así como nas catro provincias galegas, no conxunto das comarcas da denominada Galicia occidental-costa e Galicia interior, e nos grandes grupos de concellos analizados. No que aos grandes concellos se refire, só Vigo e Ferrol e, en menor medida, Ourense, presentan unha perda de poboación e en Lugo rexístrase o incremento máis acusado.

O CES demanda unha estratexia global polo desenvolvemento económico e a recuperación de poboación, baixo criterios de solidariedade, cohesión social, garantía de prestación de servizos no rural e fomento do emprego.

As perdas de poboación en Galicia dos últimos anos, xunto á existencia dun saldo vexetativo marcadamente negativo, determinan a existencia dunha poboación cunha elevada idade media e con índices reducidos de persoas novas. A 1 de xaneiro de 2016 a idade media en Galicia ascende a 46,5 anos, fronte aos 42,7 anos de media no conxunto do Estado, sitúase así como a terceira comunidade con maior idade media superada novamente por Asturias e Castela e León. Só o 12,7% da poboación residente en Galicia nesa data ten menos de 16 anos (16 % en España), unha poboación que ten un maior peso porcentual nos concellos circundantes ás grandes cidades agás en Ferrol (11,7%).

A perda de poboación en Galicia, concéntrase, dende o ano 2008, no grupo de idade comprendido entre 16 e 44 anos, con case 153.000 persoas menos. Así, o saldo vexetativo negativo e as saídas de poboación minoran considerablemente o grupo de poboación con maiores taxas de fecundidade o que contribúe a acentuar o problema demográfico galego. A poboación maior de 65 anos representa o 24 % da poboación galega, máis de cinco puntos e medio por riba da media española (18,7%), e a maior de 85 anos o 4% (en España un 2,9 %).

No que respecta ao saldo migratorio, os datos do primeiro semestre do ano 2016 reflicten que Galicia retoma os saldos migratorios positivos rexistrados entre 1983 e 2011 cando as chegadas dos inmigrantes superaban ás saídas. Neste primeiro semestre tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países son inferiores ao volume de entrada: dunha banda, no caso dos fluxos de entrada na comunidade autónoma, estes componse de 1.181 persoas de nacionalidade española e 4.457 de nacionalidade estranxeira. Doutra banda, das 4.182 persoas que no primeiro semestre do ano saen cara a terceiros países, 1.912 naceran en España.

Frear o despoboamento de Galicia é para o CES unha das accións prioritarias. Neste sentido, insíteselles ás administracións públicas na necesidade de promover medidas concretas que fomenten incrementos das taxas de natalidade, freen a emigración e favorezan o retorno dos emigrantes.

Finalmente, consecuencia de factores como unha reducida taxa de natalidade, o incremento da idade media ou a emigración de mozos cunha idade de ter fillos, entre outros, Galicia presenta un crecemento natural cada vez máis negativo. En 2015 (último dato dispoñible) a comunidade autónoma presenta o terceiro crecemento vexetativo negativo máis elevado de todas as comunidades autónomas tras Asturias e Castela e León. En termos absolutos, Galicia presenta 12.261 defuncións máis que nacementos, sendo este saldo superior ao do ano anterior (10.299), resultado dun descenso do 1,4% no número de nacementos e un incremento das defuncións do 4,9%. 

2. Mercado de traballo e relacións laborais

A consolidación da recuperación da economía galega en 2016, con crecementos superiores ao 3% no segundo semestre do ano, incide de xeito positivo no mercado de traballo en termos cuantitativos. Dunha banda, Galicia presenta oito trimestres consecutivos de incrementos nos tres indicadores da ocupación considerados –afiliacións á Seguridade Social, poboación ocupada estimada pola Enquisa de poboación activa (EPA) e postos de traballo equivalentes a tempo completo segundo as contas económicas. Doutra banda, por décimo primeiro trimestre consecutivo redúcese tanto o paro rexistrado no Servizo público de emprego como a poboación parada estimada pola EPA.

O CES entende que a evolución positiva do mercado laboral ten que ser matizada tendo en conta a evolución dos indicadores de ocupación e desemprego en comparación co conxunto do Estado, así como pola caída da poboación activa, a elevada temporalidade ou a curta duración dos contratos.

Poboación activa

Ao longo do último ano minora a caída da poboación activa en Galicia, ao experimentar un descenso do 0,4%

fronte ao 1% do ano anterior, e en 2016 esta porcentaxe é similar á media española. Tras esta caída, o número de persoas activas sitúase en 1.256.100 persoas, das que 657.800 son homes e 598.300 mulleres. O descenso de 4.600 persoas activas estimado en Galicia no ano 2016, afecta tanto a homes como a mulleres, dunha banda concéntrase na poboación menor de 45 anos, especialmente na poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, e doutra banda, nas persoas de nacionalidade española. A principal diferenza entre a evolución da poboación activa masculina e feminina radica no feito de que a poboación activa descende entre os homes tanto na persoas de nacionalidade española como estranxeira, mentres que no caso das mulleres aumenta a poboación activa estranxeira (1.000 persoas activas máis).

A taxa de actividade, que define a participación laboral da poboación maior de 16 anos, mantense no ano 2016 en Galicia en 53,5%, porcentaxe case seis puntos inferior á media estatal. A participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, xa que no último ano a taxa de actividade feminina foi de 48,8% e a dos homes de 58,4%. Por mor da forte caída da taxa de actividade dos homes dende o comezo da crise, o diferencial entre a taxa de actividade masculina e feminina

redúcese de xeito continuado pasando dos 16,2 puntos de 2008 ata os 9,6 puntos do último ano. No conxunto do Estado, a pesar de que as taxas de actividade son superiores ás estimadas en Galicia tanto para os homes como para as mulleres, o diferencial entre ambas as dúas é tamén sempre máis elevado (11,5 puntos en 2016).

O CES quiere resaltar que a necesidade de frear a perda de poboación activa, especialmente da poboación máis nova, continúa sendo unha das principais prioridades do mercado de traballo en Galicia.

Esta participación laboral da muller está estreitamente vinculada ao nivel formativo. Dunha banda hai que resaltar que unicamente a taxa de actividade das mulleres galegas con estudos superiores é superior á estimada para os homes, e sitúase en 79,8% e 78,8%, respectivamente. Doutra banda, especialmente baixas son as taxas das persoas con estudos primarios ou sen estudos, que no caso das mulleres é de 9% e 3,5% respectivamente, porcentaxes significativamente inferiores aos dos homes (17,8% e 11,7%, respectivamente). Nun contexto caracterizado pola continua perda de poboación galega (case 76.500 persoas menos entre xaneiro de 2008, ano de comezo da crise económica, e xaneiro de 2017), a perda estimada da poboación activa sitúase arredor das 58.500 persoas dende 2008. Entre os dous extremos da serie esta caída prodúcese tan só no caso dos homes (67.800 activos menos), aumentando a poboación activa entre as mulleres en 9.200 persoas (1,6%). Finalmente, cómpre destacar que a caída do número de activos se produce na poboación menor de 35 anos (166.000 persoas activas menos entre 2008 e 2016), e salienta a caída de 116.000 persoas activas con idades comprendidas entre 25 a 34 anos (31,2% menos).

Ocupación

No ano 2016 consolídase o cambio positivo no panorama xeral do emprego iniciado no ano anterior, aumentando por segundo ano consecutivo a poboación ocupada estimada pola EPA, e por terceiro ano as afiliacións á seguridade social. En ambos os dous casos, no ano 2016 o emprego feminino medra en maior medida entre as mulleres que entre os homes.

Ante a persistencia de obstáculos no proceso cara a unha participación máis igualitaria entre homes e mulleres no traballo remunerado, o CES considera necesario seguir avanzando nas políticas que permitan equilibrar a posición da muller no mercado laboral.

• Afiliacións á Seguridade Social

A afiliación á Seguridade Social (S.S.) medra en Galicia por terceiro ano consecutivo, e ascende en 2016 ata as 957.500 persoas afiliadas en alta laboral á S.S., un 1,7% máis que no ano anterior. Esta recuperación do número de persoas afiliadas é máis moderada que no conxunto do Estado, que presenta unha medra do 3% no ano 2016. En termos relativos este incremento é máis acusado no caso das mulleres que no dos homes (1,9% e 1,5%, respectivamente), estas porcentaxes están arredor dun 3% no conxunto do Estado.

Atendendo á súa distribución segundo réximes, no último ano aumenta o número de persoas afiliadas tanto ao réxime xeral, un 2,4% (17.174 persoas), como ao réxime especial do mar por conta allea, cun 4,4% (400 persoas), e descende no caso das persoas afiliadas ao réxime especial de autónomos un 0,5% (1.125 persoas). Tras esta evolución o 75,2% das persoas afiliadas o estano no réxime xeral fronte ao 22,6% no réxime especial de autónomos (74,7% e 23,1% no ano anterior, respectivamente).

O dito incremento da afiliación á Seguridade Social explícase pola evolución rexistrada no sector servizos e na construción, con case 14.900 e 3.400 afiliacións máis que no ano anterior. Por contra, o sector primario continúa coa súa perda de afiliacións, con 976 afiliacións menos en 2016, e este descenso é de 735 afiliacións no caso da construción.

Se se toma como referencia o ano 2008, o número de afiliados rexistrados en Galicia no último ano é case un 11 % inferior, sendo esta porcentaxe do 7,4% en España. Así mesmo, cómpre mencionar que entre os anos 2008 e 2016 o peso relativo das mulleres aumenta catro puntos porcentuais, e representa o 44,2% das persoas afiliadas en 2008 fronte ao 48,3% de 2016. Na comunidade autónoma as ramas de actividade que presentan os maiores descensos son dúas directa-

mente vinculadas á construción (“construción de edificios” e “actividades de construción especializada”), “agricultura, gandería, caza e actividades relacionadas” e “Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria”. Por contra, as que experimentan os maiores incrementos son as de “educación”, “actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico”, “servizos de comidas e bebidas” e “actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas”.

• Poboación ocupada

Os datos da Enquisa de poboación activa confirman a recuperación da ocupación se se mide en termos de incremento en relación co ano anterior. Tras un incremento do 2,3% a poboación ocupada en Galicia ascende a 1.040.600 persoas, o que representa o 5, % do total estatal. Tras o incremento da poboación ocupada nos dous últimos anos, o número de persoas ocupadas en Galicia descende dende o ano 2008 en 160.600 persoas.

O CES considera necesarias accións específicas para as persoas con maior dificultade de inserción ou reinserción laboral, que acometan as súas problemáticas concretas e contribúan a superar a súa situación de desvantaxe, como son as que están en risco de exclusión social, as afectadas por procesos de reestruturación ou as que teñen discapacidade.

No que respecta ao rango de idades, os incrementos de ocupación concéntranse, tanto no caso dos homes como das mulleres, no grupo de persoas maiores de 35 anos, e a franxa de idade de 45 a 54 anos é a que presenta o maior incremento en termos absolutos. Por contra, a ocupación descende en ambos os dous sexos nas persoas con idades comprendidas entre 25 a 34 anos, con case 5.000 persoas ocupadas menos (2.800 homes e 2.200 mulleres menos que no ano anterior).

A nivel sectorial, o ano 2016 caracterízase en primeiro lugar por un significativo aumento do emprego no sector primario, incremento que se produce tanto no sector agrario (3.600 persoas ocupadas máis) como no pesqueiro (4.100 persoas máis). No último ano o sector acolle a 71.400 persoas, o que representa o 6,9 % da

ocupación total en Galicia. Por contra, tan só a construción presenta unha redución da poboación ocupada, con 1.700 persoas menos, e dálles emprego a 71.900 persoas, o 6,9 % do total galego.

O sector servizos foi o que presenta o mellor comportamento tanto en termos absolutos como relativos. Tras un incremento do 2,1 % (15.200 persoas), o sector terciario acolle un total de 735.600 persoas ocupadas, o que representa o 70,7 % da ocupación en Galicia. Entre as distintas ramas de actividade o maior incremento de ocupación en termos absolutos prodúcese nas actividades de “transporte e almacenamento”, con 4.600 empregos máis; “actividades sanitarias e de servizos sociais”, con 3.800 persoas máis; e “información e comunicacións”, con 2.900 persoas ocupadas máis.

A industria, tras unha medra interanual do 1,5 % (2.400 persoas) emprega un total de 161.900 persoas, o que supón o 15,6 % do total galego. A industria da alimentación e bebidas e a industria téxtil son as que presentan os maiores incrementos, con 2.800 e 2.500 persoas ocupadas máis, mentres que no extremo oposto salienta a caída da ocupación no subsector de fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais, con 2.400 persoas ocupadas menos, e a industria da madeira, con 2.100 menos.

A dita menor intensidade no proceso de creación de emprego en comparación co estimado para o conxunto do Estado reflíctese a nivel sectorial no feito de que tan só o sector primario presenta un comportamento mellor que a media estatal, cunha medra do 12,1 % da ocupación no sector, sete puntos máis que a media española. Así mesmo, fronte ao dito descenso da ocupación no sector da construción en Galicia, esta permanece constante no Estado, mentres que a ocupación medra un 2,9 % no sector servizos en España (2,1 % en Galicia) e a industria un 1,6 % (1,5 % en España).

Comparado coa estrutura da ocupación no ano 2008, Galicia presenta tan só un incremento do peso relativo da ocupación no sector servizos (aumenta tamén en España no sector primario), onde pasa do 62,9 % de 2008 ata os ditos 70,7 %. A maior redución prodúcese na construción, con 4,3 puntos menos (11,2 % en 2008 e 6,9 % en 2016), seguido pola industria, con 2,3 puntos (17,9 % en 2008 e 15,6 % en 2016), e o sector primario,

con 1,1 puntos porcentuais (8 % fronte a 6,9 % no último ano).

O CES considera que hai que desenvolver actuacións que melloren a competitividade das empresas como xeradoras de gran parte do emprego en Galicia.

No que respecta á situación profesional dos ocupados, o ano 2016 caracterízase por unha medra do número de persoas traballadoras por conta propia. Tras un incremento de 5.500 ocupados en relación ao ano anterior (2,5%), en Galicia hai 222.200 persoas ocupadas como empresarios por conta propia, o que representa o 21,4% da poboación ocupada en Galicia, porcentaxe tan só inferior ao de Castela e León (16,9% de media en España). A dita evolución vén motivada polo incremento das persoas ocupadas como traballadores independentes ou empresarios sen asalariados (10.300 persoas máis) que compensa o descenso estimado no caso das persoas empresarias con asalariados (4.200 persoas).

Pola súa banda, o número de persoas asalariadas aumentou en Galicia en 17.700 persoas con relación ao ano anterior (2,7%) e acada as 817.900 persoas ocupadas, das que 635.000 o están no sector privado (77,7%) e as restantes 182.800 no público (22,3%). Este incremento está motivado tanto pola evolución positiva no sector público (1.800 máis) como especialmente no sector privado (15.900 asalariados máis).

O CES insta os poderes públicos a loitar contra o emprego non declarado.

No concernente á ocupación segundo o nivel de formación, cómpre mencionar que o dito incremento da ocupación se produce entre as persoas con maior formación, descenden no caso dos que teñen a primeira etapa da educación primaria, dos que posúen educación primaria e no dos analfabetos. Así, o número de ocupados con estudos superiores aumenta en Galicia en 15.300 persoas e entre os que teñen a segunda etapa de educación secundaria, en 3.500 persoas. Por contra, hai 8.300 ocupados menos con estudos primarios e 5.000 menos coa primeira etapa da educación secundaria.

Os indicadores de paro e ocupación confirman o papel do nivel de formación como o elemento clave para acadar un posto de traballo. En opinión do CES isto leva a situar a formación no centro do debate e a crear estratexias que promovan e desenvolvan o talento da nosa xuventude, incentivan o emprendemento e contribuír deste xeito ao descenso da taxa de desemprego neste colectivo.

O incremento de ocupación concéntrase exclusivamente nos de nacionalidade española, con 26.100 ocupados máis, e a poboación estranxeira total descende en 2.600 persoas. No último ano, a poboación ocupada de nacionalidade española ascende a 1.004.900 persoas en tanto que a estranxeira sitúase en 35.800 persoas.

Finalmente cómpre facer referencia á distribución segundo sexos, que se caracteriza en primeiro lugar, a diferenza do acontecido en 2015, por un incremento da poboación ocupada entre as mulleres superior ao dos homes. Das ditas 23.400 persoas ocupadas máis no último ano en Galicia, 12.600 son mulleres, o que supón un aumento do 2,6% na ocupación feminina fronte ao 2,3% de aumento na poboación ocupada masculina (10.800 persoas). A pesar desta mellor evolución, a taxa de ocupación nos homes é máis de oito puntos e medio superior á estimada para a ocupación feminina (48,8% e 40,1%, respectivamente).

Dende un punto de vista sectorial, o emprego feminino medra en todos os sectores, incluída a industria e a construción onde descende a ocupación entre os homes. Por contra, o incremento da poboación ocupada é maior entre os homes no caso do sector primario e dos servizos.

No que a estrutura produtiva se refire, cómpre mencionar que o emprego feminino se concentra nas actividades de comercio, actividades sanitarias e de servizos sociais e na educación, que en conxunto acoñecen ao 42,2% das mulleres ocupadas, case vinte puntos máis que entre os homes, mentres que as actividades máis importantes nestes últimos son o comercio, a construción e a "Administración pública e defensa; se-

guranza social obrigatoria”, que concentran o 34,7% dos ocupados, case dez puntos e medio máis que entre as mulleres. Así mesmo, a ocupación na industria manufacturera acolle ao 18,6% dos homes fronte ao 9,2% das mulleres.

Cómpre resaltar que o aumento do número de persoas ocupadas por conta propia se produce tan só no caso das mulleres, e permanece estable no caso dos homes. Esta diferente evolución explícase polo significativo crecemento das mulleres traballadoras independentes ou empresarias sen asalariados (8.300 mulleres máis fronte a 2.000 homes), e este descende practicamente no caso do empresariado con asalariados (2.000 homes e 2.200 mulleres menos que no ano anterior). Pola contra, no caso das persoas asalariadas a ocupación feminina aumenta tanto no sector público como no privado, se ben neste último o incremento é moito menos acusado no caso dos homes que no das mulleres (11.500 e 4.400 persoas máis, respectivamente).

En termos de ocupacións, os elementos diferenciais máis destacados son os do incremento do número de mulleres “técnicas e profesionais científicas e intelectuais”, onde a ocupación medra en 5.500 mulleres con respecto ao ano anterior fronte ao descenso de 1.600 homes; o descenso do número de mulleres que ocupan o cargo de directores e xerentes, con 2.100 persoas menos fronte á caída de 100 homes; así como a menor caída do número de “traballadores cualificados na industria manufacturera, construción, minaría, agás operadores” (4.800 homes menos e 300 mulleres menos). Así mesmo, o emprego feminino descende no caso das operadoras e ocupacións elementais a diferenza do acontecido no caso dos homes.

• Características e dinámica do mercado de traballo

Ano tras ano dende o ano 2012 aumenta o número de contratos rexistrados en Galicia. En 2016 asináronse 944.114 contratos, dos que 915.628 corresponden a contratos iniciais de traballo (97%) e 28.486 a contratos convertidos en indefinidos (3%). Seguindo a tendencia de anos anteriores o número de contratos iniciais asinados representan un crecemento do 7,3% en relación co ano anterior, incremento que favorece novamente tanto aos contratos de duración indefinida (5,1% máis) como temporal (7,4% máis), sen distinción de sexo. Así mesmo, hai que resaltar o incre-

mento do 17,9 % no número de contratos convertidos en indefinidos.

Ao longo do ano 2016, o 92,5% dos contratos asinados foron contratos de duración temporal (872.891 contratos) e un 4,5% foron contratos indefinidos (42.737 contratos indefinidos). Tanto nun caso como noutro, o incremento rexistrado en relación co ano anterior é superior no caso das mulleres que no dos homes. Así, os contratos indefinidos asinados polas mulleres medran un 5,6% fronte ao 4,6% dos homes, mentres que nos temporais as taxas de variación interanual son de 8,6% e 6,2%, respectivamente.

Os contratos que máis se incrementaron no último ano, son os contratos eventuais segundo circunstancias da produción, con 61.626 contratos máis (16,2%). Tras este significativo incremento o seu peso relativo no total dos contratos é do 46,7%, así os contratos por obra ou servizo representan o 32,9% (310.498 contratos) e os de interinidade un 9,9% (93.611 contratos).

O 77,4% dos contratos iniciais rexistrados pertencen ao sector servizos, e esta porcentaxe ascende ata o 14,6% no caso da industria, e ao 4,9% e 3,1% na construción e no sector primario, respectivamente. Cómpre mencionar que o sector servizos acolle o 87,4% dos contratos de interinidade e o 66,9% dos contratos de obra o servizo.

No último ano os contratos máis numerosos son os que teñen unha duración inferior a unha semana, que tras unha medra do 15,6% concentran o 33% dos contratos iniciais en Galicia (1,3 puntos superior ao do ano anterior). A dita porcentaxe é de case o 44% se se consideran os contratos de duración inferior ao mes (dous puntos máis que no ano anterior), en tanto que os contratos cunha duración entre un e seis meses representan o 17,2% dos contratos iniciais. Así mesmo, cómpre mencionar que os contratos cunha duración indeterminada, influenciado polo peso relativo dos contratos por obra o servizo, representan o 32,1% dos contratos iniciais (33,5% no ano anterior).

No concernente á modalidade de contrato, no ano 2016 o 62,3% dos contratos son a tempo completo, o que representa a porcentaxe máis reducida dende o comezo da crise económica (75,2% no ano 2008). Por con-

tra, aumenta o peso relativo dos contratos a tempo parcial, ao pasar dende o 24,2% ata os 37,1% de 2016.

A dita distribución da modalidade de contratos é moi distinta entre os homes e as mulleres. Dunha banda, o 72,6% dos contratos asinados por homes son a tempo completo, 22 puntos porcentuais máis que no caso das mulleres. Doutra banda, o 48,6% dos contratos asinados por mulleres son a tempo parcial cando entre os homes ascende a 26,7%.

O índice de rotación no emprego, definido como o cociente entre o número de contratos iniciais asinados entre o número de persoas asalariadas temporais, aumenta lixeiramente en Galicia ata os 4,1 contratos por asalariado temporal (4,6 contratos no Estado), sendo esta ratio é sensiblemente superior no caso dos homes que no das mulleres, que se sitúa nos 4,5 e 3,7 contratos por asalariado temporal, respectivamente.

En opinión do CES, mellorar a calidade do emprego, especialmente no que atinxe á taxa de temporalidade e á duración dos contratos, o que comporta uns baixos ingresos, debe ser prioritario para conseguir que o crecemento da economía galega sexa máis inclusivo e permita mellorar o benestar.

Finalmente cómpre facer referencia ao novo incremento na taxa de temporalidade. No último ano a creación de emprego en Galicia concentrouse en gran medida no colectivo de asalariados, en maior medida aumentaron as persoas asalariadas con contrato temporal que as que teñen contrato indefinido. Tras esta evolución, a porcentaxe de persoas asalariadas teñen un contrato temporal ascende ata o 26,2%, unha décima menos que no conxunto do Estado. Atendendo á súa desagregación segundo sector, o dito incremento da temporalidade explícase polo comportamento do sector público, que presenta unha caída dos asalariados con contrato indefinido e unha medra das persoas con contrato temporal. Por contra, no ámbito privado os contratos indefinidos aumentan e fano en maior número que os contratos temporais. Deste xeito, a taxa de temporalidade do sector público aumenta ata o 22,3%, e permanece practicamente constante no ámbito privado (27,3%).

O distanciamento das taxas de temporalidade entre sexos volve a aumentar no ano 2016, ao situarse no 28,2% no caso das mulleres e no 24,3% no dos homes. Esta diverxencia prodúcese tanto polo descenso do número de mulleres asalariadas con contrato temporal (aumenta no caso dos homes) como polo maior incremento no caso das mulleres con contrato temporal (7.600 mulleres máis e 3.300 homes). Así mesmo, cómpre resaltar que a taxa de temporalidade das mulleres galegas é case dous puntos porcentuais superior á das mulleres no conxunto do Estado, a diferenza do acontecido no caso dos homes, onde a taxa de temporalidade en España é 1,4 puntos superior á media galega.

• Desemprego

O mercado laboral galego encadea tres anos consecutivos de descenso do desemprego, tanto o estimado pola EPA como o rexistrado no Servizo Público de Emprego, e esta caída prodúcese de xeito máis acusado no caso dos homes que no das mulleres. A mellora da ocupación e a redución da poboación activa fai que descenda a taxa de paro, que se sitúa no último ano no 17,1% en Galicia, 2,1 puntos menos que no ano anterior, e esta porcentaxe é do 16,5% entre os homes e do 17,8% nas mulleres.

Malia o descenso do desemprego, a taxa de paro en Galicia segue sendo moi elevada en 2016 e urxe acometer medidas encamiñadas a reducila. Entre elas, o CES considera que é preciso reforzar a dotación orzamentaria destinada ás políticas activas de emprego para garantir que teñan un papel determinante na mellora da empregabilidade das persoas paradas e na cualificación dos traballadores e traballadoras en xeral.

A poboación parada estimada pola EPA descende en 2016 ata as 215.400 persoas, 28.000 menos que no ano anterior, o que representa o 4,8% do total estatal. En termos porcentuais, esta caída é do 11,5%, porcentaxe similar á media estatal (11,4%).

O dito descenso do paro estimado favorece novamente a ambos os dous sexos, aínda que de forma máis acusada no caso dos homes. Así, o desemprego masculino descende un 11,8% respecto do ano ante-

rior (14.600 persoas) e o feminino un 11,2% (13.400 persoas).

Se se atende á análise do desemprego por idades, o paro estimado redúcese en todos os grupos de idade onde destaca o grupo de persoas de 25 a 34 anos, con máis de dez mil persoas desempregadas menos. Dadas as maiores dificultades de empregabilidade das persoas maiores de 45 anos, cómpre resaltar en primeiro lugar o positivo descenso do paro entre estas persoas, se ben representaban no ano 2016 o 36,3% do paro da comunidade autónoma, a porcentaxe máis elevada dende o ano 2008. Este colectivo foi no que máis se incrementou o desemprego no período de crise (59.100 persoas paradas entre o ano 2008 e 2013), das que se recuperaron tan só 10.100 dende entón ata o ano 2016 (17,1% do emprego perdido, dous puntos menos que no Estado).

No ano 2016 a taxa de paro neste colectivo ascendía ata o 14,2%, e é lixeiramente máis elevada no caso dos homes que no das mulleres (14,4% e 14%, respectivamente). Esta situación é distinta á estimada para o ano 2008, cando a taxa de paro entre as mulleres se situaba no 7,7% mentres que nos homes era máis de dous puntos e medio inferior (5,1%). Isto explícase polo forte incremento da poboación parada no caso dos homes, xa que o incremento da poboación activa das mulleres aumenta por riba da estimada para os homes.

O grave problema do paro xuvenil mantense a pesar da redución nos tres últimos anos das taxas de paro das persoas menores de 25 anos. No último ano un total de 40 cada 100 persoas activas menores de 25 anos en Galicia, desexarían traballar e non atopan emprego, polo que esta ratio se sitúa en 44 de cada cen no conxunto do Estado. A diferenza do que acontece no caso da poboación maior de 45 anos, no último ano a taxa de paro entre as mulleres menores de 25 anos é superior á estimada no caso dos homes, e estas porcentaxes sitúanse no 39,2% e 41,7%, respectivamente. En relación co ano 2008, a taxa de paro aumenta en Galicia en 19,3 puntos porcentuais, e esta medra é superior no caso dos homes que das mulleres (20,3 e 17,6 puntos porcentuais, respectivamente).

En opinión do CES hai que seguir avanzando na loita contra o desemprego con medidas de

apoio específicas que lles permitan, especialmente ás persoas máis novas, ás de maior idade e ás persoas paradas de longa duración, integrarse no mercado laboral.

Finalmente cómpre facer referencia ao paro de longa duración. O número de persoas que no ano 2016 levaban máis dun ano na procura de emprego ascendeu a 125.900 persoas, das que 64.000 son homes e 61.900 mulleres. A crise económica igualou o peso relativo das persoas paradas que levan máis dun ano en situación de desemprego no paro total, sitúase no ano 2016 no 58,4% para o total de Galicia e no 58,9% no caso dos homes e do 58% no das mulleres. No momento da crise económica o 32,6% das mulleres en paro levaban dous ou máis anos nesta situación, porcentaxe significativamente superior á dos homes, co 21%. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, a taxa de paro de longa duración en Galicia no ano 2016 ascendeu a 8,9%, da que o 9, % é no caso das mulleres e do 8,6 % no dos homes.

No que respecta ao paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia, o desemprego descende por terceiro ano consecutivo a un ritmo superior ao do conxunto do Estado, e e esta caída interanual sitúase no 8,9% en Galicia fronte ao 8,6% de media en España. Así mesmo, novamente o descenso do paro rexístrase tanto nas catro provincias galegas como entre os homes e as mulleres.

O dinamismo da actividade económica desde o ano 2014 incidiu nun descenso continuado do desemprego nos distintos sectores. En 2016 salientan novamente o comportamento do sector da construción, cunha caída do 15,6% (4.518 desempregados menos que no ano anterior), e o sector industrial, cunha redución do 13,9% en relación co ano anterior (4.112 persoas). No caso dos servizos a caída do desemprego foi do 6,8% (9.944 persoas), superando lixeiramente o 6% no caso da actividade agraria e pesqueira (512 persoas).

Tras esta evolución o sector servizos acolle un total de 137.221 parados, o 64,6% das persoas paradas rexistrados en Galicia (65,5% en España), e séguelle en importancia o sector industrial, con 25.565 parados, o 12,0% (9,7% no conxunto do Estado). O peso relativo

do paro rexistrado no sector da construción é similar en Galicia e España, 11,5% (24.385 persoas) e 11,3%, respectivamente, mentres que o sector agrario galego acolle ao 3,7% das persoas rexistradas no servizo público de emprego (7.942 persoas) fronte ao 4,8 % do total de paro rexistrado de media a nivel estatal.

Relacións laborais

O número de convenios colectivos existentes en Galicia a 31 de decembro volveu a rexistrar un incremento respecto do ano anterior, co que se rexistra un total de 945 convenios, vinte e nove máis que na mesma data do ano anterior. Ao igual que sucedera en 2015, o dito incremento é debido ao aumento no número de convenios de empresa (823 no último ano), e o número de convenios de sector (122 convenios) mantense inalterado.

No último ano asináronse un total de 115 convenios colectivos con efectos para 2016 (18 convenios máis que no último ano), se ben volve a descender o número de traballadores afectados por estes convenios, que se sitúa en 39.150 persoas, 4.201 menos que no ano 2015. Así mesmo, revisáronse 16 convenios que afectan a máis de 45 mil traballadores, 15.208 persoas traballadoras menos que en 2015. Finalmente, negociáronse por primeira vez 31 convenios, dez máis que en 2015, correspondendo todos elas a convenios de empresa tal e como acontecera no ano anterior. Estes 31 convenios afectan a 719 persoas traballadoras, o que supón unha medra de 88 persoas.

O incremento salarial medio pactado nos 131 convenios asinados ou revisados en 2016 foi do 0,97%. A diferenza do acontecido nos dous anos anteriores, este incremento é inferior ao rexistrado polo IPC real galego (1,6%).

A xornada media pactada en Galicia –tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual– volve a descender no último ano para situarse nas 1.737,9 horas/ano, o que supón un incremento de 15 horas respecto ao ano anterior. No concernente ao número de horas pactadas por traballador e mes, Madrid é a comunidade autónoma co maior número de horas pactadas, con 153,7 horas, seguida por Cantabria, Baleares e Galicia, que superan lixeiramente as 151 horas mensuais.

O número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluídas as horas perdidas no lugar de traballo, acadan en Galicia as 129,6 horas no ano 2016 (131,1 no ano anterior), fronte ás 128,8 horas no conxunto do Estado (129,1 horas no ano 2015). Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 144,7 horas efectivamente traballadas (144,7 horas de media en España) e os traballadores a tempo parcial, un total de 76 horas ao mes (77,7 horas no conxunto do Estado).

O CES considera necesario adecuar de maneira continua as cualificacións ao mercado laboral para un aproveitamento eficaz dos recursos e mellorar a empregabilidade da poboación.

Con relación aos expedientes de regulación de emprego, fronte ao descenso rexistrado en Galicia dende o comezo da crise, no ano 2016 aumenta o número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, e sitúase en 6.686 persoas no último ano (7,7% do total estatal) fronte ás 6.615 do ano 2015 (6,6% de España). Por contra, o número de expedientes de regulación de emprego en Galicia volveu a descender de xeito significativo no último ano segundo os datos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, e acada os 255 procedementos, case un 31% menos que o rexistrado no ano anterior. Así mesmo, descende o número de expedientes pactados e non pactados (228 e 4 convenios menos, respectivamente), pero increméntase significativamente o dos procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas (43 máis). No último ano asináronse 255 procedementos pactados e 21 non pactados, e ascenderon ata os 148 os procedementos sen período de consultas.

A non dispoñibilidade de datos na data de peche da presente memoria non permite valorar os resultados das políticas activas de emprego nin coñecer en que medida responden aos obxectivos para os que foron deseña-

das. O CES pon de manifesto a necesidade dunha maior publicidade sobre os datos dos fondos destinados a esta función que permita avaliar a súa eficacia.

• **Ingresos salariais nas fontes tributarias**

Os ingresos salariais medios declarados en Galicia a Fazenda ascenderon no ano 2015 (último ano dispoñible) ata os 17.839 euros, o 95,7% do total estatal, o que supón un incremento de 103 euros en relación co ano 2008. Esta evolución vén explicada polo descenso do 12,3% dos asalariados e dun 11,8% da masa salarial.

Tanto en Galicia como no Estado o ingreso salarial medio bruto das mulleres é inferior ao dos homes, e no último ano mantense arredor do 28,5%. En Galicia os homes declaran un ingreso medio de 19.899 euros, o 95,8% da media estatal, en tanto que o das mulleres ascende ata os 15.501 euros, o 96% do ingreso salarial medio das mulleres en España. En relación co ano 2008, o ingreso salarial bruto declarado polos homes descende en Galicia 3,8%, máis de tres puntos e medio por riba da media española, mentres que no caso das mulleres o ingreso salarial medra 4,3% en Galicia fronte ao 3,3% no Estado.

A rama de actividade con ingresos salariais medios máis altos segue sendo a das entidades financeiras e aseguradoras, con 30.501 euros (4,5% menos que en 2009), máis do dobre do declarado no sector primario, cun salario medio de 14.184 euros brutos anuais (2,7% máis que en 2009). Cómpre destacar que cinco ramas de actividade presentan uns ingresos salariais medios declarados superiores ao salario medio anual en Galicia: industria extractiva, enerxía e auga; industria; información e comunicacións; entidades financeiras e aseguradoras; e servizos sociais. Estas cinco actividades concentran o 44,1% dos asalariados en 2015, porcentaxe moi similar ao de 2009 (44,5%).

Seguridade e saúde no traballo

O crecemento do PIB real por riba do 3% en Galicia, así como a mellora da ocupación en termos cuantitativos, foi acompañado por un lixeiro descenso do número de accidentes laborais. En 2016 o número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral en Galicia acadou os 24.994, un 0,7% menos que no ano anterior.

A distribución do número de accidentes e a súa gravidade por sectores non é homoxénea. O sector servizos mantense como a actividade con maior número de accidentes, que concentra a metade dos accidentes laborais con baixa (12.547 accidentes), seguido da industria, co 29% (7.282 accidentes) e a construción, co 11,6% (2.901 accidentes).

Os accidentes leves descendieron lixeiramente no último ano ata os 24.441, dos que o 45,9% acontecen no sector servizos, e esta redución prodúcese fundamentalmente na construción, con 227 accidentes con baixa menos. Así mesmo, o número total de accidentes mortais foi de 57, un menos que no ano anterior, e descendieron na industria e na construción. Por contra, os accidentes graves medraron ata os 496, onde salienta o incremento experimentado no caso de servizos e a pesca, con 61 e 22 accidentes máis.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadou en Galicia os 3.119 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados. Esta cifra é lixeiramente inferior á media estatal (3.274 accidentes) e sitúa a Galicia como a quinta comunidade autónoma con menor índice.

O CES chama a atención sobre a necesidade de seguir avanzando nas medidas para rebai-xar os índices de sinistralidade laboral co obxectivo de garantir a protección dos traballadores, e promove medidas de apoio ás empresas, en especial ás pemes, para o fomento dunha cultura de prevención.

No que respecta aos índices de incidencia dos accidentes de traballo, o número de accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta situouse no ano 2016 en 7,3 accidentes. Galicia sitúase como a comunidade autónoma co índice de incidencia de accidentes mortais máis elevado do Estado, moi por riba do índice medio estatal (3,3 accidentes por cada cen mil afiliacións).

No ano 2016 volve a aumentar o número de procesos iniciados de baixas por continxencias comúns e profesionais. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias comúns e mantense constante a das continxencias profesionais. No que respecta ás baixas laborais por continxencias comúns, a duración media aumenta ata os 61,8 días, vinte e tres días e medio máis que a media estatal. Nas baixas por continxencias profesionais, a duración media dos procesos tamén aumenta ata os 51 días, e Galicia é a comunidade cunha duración media máis elevada, catorce días superior á media do Estado. 

3. Dinamismo do tecido produtivo

Demografía empresarial

A análise da demografía empresarial galega no ano 2016 presenta un crecemento no número de sociedades mercantís creadas e un descenso no número de sociedades disoltas, así como un aumento no número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social. O estudo que se leva a cabo nesta Memoria socioeconómica sobre o tecido empresarial galego baséase nos datos da Seguridade Social, do Rexistro Mercantil e do Directorio Central de Empresas do IGE.

A Seguridade Social (S.S.) presenta datos de empresas con traballadores inscritas, os datos do Rexistro Mercantil utilizados son o número de sociedades creadas e inscritas e, finalmente, a explotación do Directorio Central de Empresas (Dirce) que se realiza baixo dúas unidades distintas, a empresa e a unidade local. A análise das ditas fontes de información mostran unha evolución paralela, de xeito que no último exercicio en Galicia se incrementa o número de empresas inscritas na S.S., aumenta o número de sociedades creadas e diminúe o número de sociedades disoltas, en base aos datos proporcionados polo Rexistro Mercantil, e, finalmente, tamén se incrementa o número de sociedades existentes no Dirce.

O 31 de decembro de 2016 o número de empresas con traballadores inscritas na S.S. en Galicia foi de 81.858, un 1% máis que no ano anterior. No conxunto do Estado, o incremento no número de empresas acadou o 2%, o que supón unha perda de peso das empresas galegas, que pasa do 6,3% no 2015 ao 6,2% do total no 2016.

Por sectores de actividade, os maiores crecementos en termos absolutos danse no sector servizos (525 empresas), no sector primario (175 empresas) e na construción (113 empresas), mentres que o sector da industria descende lixeiramente ao reducirse en 9 as empresas con traballadores inscritas na S.S. (e unha redución do 0,1 %). A evolución provincial das empresas inscritas no sector industrial é dispar; neste sentido rexístrase un incremento de 42 empresas do sector industrial na provincia de Pontevedra, e a caída de empresas do sector nas restantes tres provincias galegas, A Coruña con 36 empresas menos, Ourense con 6 menos e Lugo con 5 menos.

Un dos piares do tecido empresarial galego son os traballadores integrados no réxime especial de traballadores autónomos. O 31 de decembro de 2016 había en Galicia 225.983 traballadores afiliados por conta propia

na Seguridade Social, dos que 142.546 persoas son “autónomos propiamente ditos”, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores. En 2016, a semellanza do acontecido no ano anterior, descende novamente o número de autónomos propiamente ditos, (0,5% menos), fronte ao leve aumento medio a nivel do Estado (0,7%). O peso relativo no Estado redúcese ata o 7,2%, unha décima menos que no pasado exercicio. A caída no número de traballadores autónomos orixínouse en exclusiva na categoría de sen asalariados (0,5 % menos) e produciuse un incremento do 3,1% na categoría de autónomos con asalariados.

O perfil maioritario do empresariado autónomo en Galicia mantense estable nos últimos anos, unha persoa que traballa no sector servizos (aínda que cunha importante presenza na agricultura), sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón, cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

No que respecta ao dinamismo empresarial, medido a través da evolución das sociedades mercantís constituídas, en Galicia no ano 2016 créanse 4.533 sociedades mercantís e disólvense 1.494. En termos de variación anual, o número de sociedades creadas é un 14,2% superior ao ano anterior, e as sociedades disoltas reducen o seu número nun 1,2%. A constitución de sociedades mercantís aumenta a nivel estatal un 6,8%, de xeito que o peso relativo das empresas creadas en Galicia se incrementa en dúas décimas ata o 4,5%. O capital subscrito polas sociedades constituídas en Galicia no ano 2016 cae un 44,5% en relación co ano anterior, e o descenso no conxunto do Estado é do 14,5%.

Se se considera a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como indicador da taxa de creación de empresas, Galicia creou no último ano 16,7 sociedades por cada dez mil habitantes fronte ás 21,8 sociedades no conxunto do Estado.

As Administracións deberían reforzar os mecanismos que apoien o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a supervivencia destas con criterios de viabilidade e sustentabilidade.

No último exercicio, o número de sociedades mercantís disoltas en Galicia foi de 1.494, quince menos que no ano anterior, o que supón o terceiro ano consecutivo de descenso. En termos relativos, o número de sociedades mercantís disoltas en Galicia por cada cen constituídas (índice de rotación), despois do aumento do ano 2015, volve a descender en 2016 para situarse nas 33 empresas disoltas por cada cen sociedades constituídas, 12 puntos por riba da media española, que descende ata as 21 empresas disoltas por cada cen constituídas.

Xunto á caída no número de empresas disoltas, no último ano tamén se reducen as empresas en concurso de acredores un 14% con relación ao ano anterior, unha redución que na media do Estado foi dun 20%. O número total de empresas concursadas descendeu en Galicia ata as 262, o 6,4% do total estatal.

Finalmente, cómpre salientar a evolución positiva no número de empresas rexistradas no Dirce. Unha evolución explicada polo incremento no número de empresas do sector servizos, que representan case o 80 % do total de empresas incluídas no dito directorio. Por segundo ano consecutivo dende o inicio da crise económica increméntase o número de empresas do Dirce, e en xaneiro de 2017 sitúase nas 197.538 empresas, das que máis da metade non teñen asalariados, e só unha de cada mil ten máis de douscentos empregados. O 96% das empresas galegas teñen menos de dez asalariados.

Tendo en conta que o 96% das empresas galegas teñen menos de 10 traballadores, tramo no que se concentra a creación de maior número de empresas, é importante favorecer os procesos de crecemento destas atendendo ás súas peculiaridades, xa que só así se poderá consolidar un tecido empresarial galego facéndoo competitivo, forte e xerador de riqueza e emprego.

Estrutura produtiva

O valor engadido bruto da economía galega no ano 2016, incluídos os impostos netos sobre os produtos, ascendeu a 58.113 millóns de euros (prezos correntes). O maior peso corresponde ao sector servizos co 63,2% do VEB total, seguido da industria co 17%, construción 6% e sector primario co 4,7%.

O crecemento sustentable esixe seguir avanzando cara a un modelo produtivo onde o sector industrial acade un maior peso, e favoreza a competitividade das empresas e o emprego estable e de calidade, xa que Galicia está aínda lonxe de acadar o obxectivo do 20% de participación no VEB para este sector fixado pola comisión europea para o ano 2020. O CES entende preciso dotar o sector dos instrumentos de apoio suficientes para que o fagan máis competitivo e que potencien as sinerxías co resto de sectores produtivos.

O crecemento do PIB galego en 2016 foi do 3,1%, unha décima menos que na media do Estado; este crecemento baséase en achegas positivas de todos os sectores económicos, aínda que cunha intensidade diferente en cada caso. Un ano máis, o sector máis dinámico da economía galega é a industria manufactureira, con taxas de variación positivas do seu VEB do 3,5%, co que se modera o seu pulo en relación co 4,6 % de avance rexistrado en 2015. A construción tamén frea o seu crecemento en seis décimas en relación ao ano anterior, co que acada unha taxa de crecemento do 3, %. O sector primario reduce o seu avance cunha taxa do 0, %, cinco décimas menos que no ano anterior. Por contra as ramas industriais no seu conxunto así como os servizos, acadan no ano 2016 taxas de variación positivas do seu VEB superiores ás rexistradas no ano anterior, en concreto a industria cun 2,5% medra catro décimas máis que en 2015, e o sector servizos cun 3,3% avanza 1,2 puntos porcentuais máis que no ano anterior.

Resulta crucial compatibilizar o conxunto de estímulos públicos que aborden as debilidades dunha trama produtivo diverso dende o punto de vista das súas capacidades, ben polos patróns de evolución sectorial ou polo

propio tamaño das empresas. Particularmente, necesitamos integrar coherentemente as políticas de I+D ou de implantación da Industria 4.0 coa énfase na sistematización da innovación, a internacionalización das vendas, ou a maior fertilización cruzada de capital humano, tecnoloxías e innovacións organizativas.

O peso da economía galega no total estatal mantense estable arredor do 5,2% do PIB do Estado, e o peso relativo galego redúcese en termos de emprego, ata o 5,4% do total, unha décima menos que no ano anterior, e tamén cae o peso en termos demográficos ata o 5,9%.

Apostar por políticas que contribúan a crear un tecido produtivo xerador de alto valor engadido e emprego de calidade, e fomentar o aumento das actividades de I+D+i en todos os sectores, é para o CES unha condición necesaria para unha recuperación sustentable que contribúa a unha redución da desigualdade e favoreza o crecemento económico.

Sector primario

A estrutura produtiva e territorial de Galicia aséntase en boa medida sobre o sector primario e as industrias relacionadas, o que converte a este sector en estratégico para a nosa economía, é importante valorar os beneficios que estas actividades levan asociadas á fixación de poboación no rural.

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades non industriais do sector primario incrementouse un 1,2% acompañado este crecemento dun avance do 5,3% da ocupación media no sector, medida a través de postos de traballo equivalente a tempo completo.

En termos absolutos, o valor engadido bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) incrementábase ata os 2.824,6 millóns de euros, un 6% superior ao contabilizado no ano precedente; un incremento superior ao experimentado de media no Estado (4,1%). O peso relativo do VEB xerado polo sector en Galicia no total do Estado aumenta dende o 10,6% de 2015 ata o 10,8%

no último ano. Tras o sinalado avance do sector primario no ano 2016, a súa achega ao valor engadido total da economía galega aumenta ata o 5,4%, case oito décimas máis que no ano anterior. Esta porcentaxe duplica o peso medio do sector na economía estatal, que no ano 2016 se sitúa no 2,6%.

Dende o punto de vista do emprego, e con base na Enquisa de poboación activa, a poboación ocupada no sector primario (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura) foi no 2016 de 71.400 persoas, 7.700 persoas máis que no ano anterior. Por tanto, o sector primario representa o 6,9% da ocupación estimada total en 2016. O incremento de ocupación máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, prodúcese na pesca e acuicultura, onde se estima que a ocupación aumenta en 4.100 persoas (22,6%) para situarse nas 22.200 persoas. No caso das actividades relacionadas coa agricultura, gandería, caza e silvicultura, tras un aumento do 7,9% (3.600 persoas), a ocupación estimada ascende ata as 49.200 persoas. A achega ao emprego total do sector no conxunto do Estado foi do 9,2%.

O sector industrial agroalimentario debe de servir para apuntalar as producións primarias tradicionais nos ámbitos agrario e pesqueiro, para asegurar o mantemento dos postos de traballo, garantir a elaboración de alimentos de calidade de maneira sustentable e vertebrar o coidado e desenvolvemento do ámbito rural galego, especialmente nas zonas que teñen risco de despoboamento.

Dentro do **subsector agrogandeiro** en Galicia a principal rama de actividade é a produción de leite. As explotacións lácteas xestionan o 35 % da superficie agraria e xeran o 44% do output do sector. Galicia achega case o 40% da produción total do Estado, sitúase así entre as 10 primeiras rexións lácteas da Unión Europea.

A supresión das cotas lácteas (2015), así como a escasa capacidade da industria transformadora para lle engadir valor ao produto final (só 26 céntimos de cada euro de VEB na produción láctea débese á industria), determina a existencia de fortes debilidades no sector que

redundan en prezos que non cobren, en moitos casos, os custos de produción.

A base territorial das explotacións agrogandeiras está limitada tanto pola superficie dispoñible como pola elevada parcelación. Esta debilidade estrutural confronta coa necesidade de mellorar a competitividade do sector agrogandeiro que está, en boa medida, vinculada á unha maior autonomía na produción de forraxes.

A produción de leite de vaca increméntase lixeiramente en Galicia no ano 2016, ao rexistrarse un incremento do 0,5% en relación co ano anterior (13,2 mil toneladas máis). O volume de leite producido ascende ata as 2.603 miles de toneladas, o que supón o 37,8% da produción total de leite do Estado español, e sitúa a comunidade autónoma como a primeira produtora nacional, e triplica a produción de Castela-León, segunda comunidade por volume de produción.

En paralelo ao incremento da produción, o prezo medio por litro de leite percibido polo produtor en Galicia redúcese novamente no ano 2016, de xeito que no último ano o seu prezo se situou en 28,2 céntimos de euro, fronte aos 30 céntimos por litro de media en España, polo que o diferencial coa media española ascendeu a 1,8 céntimos.

Outras actividades dentro do subsector agrogandeiro, como a agricultura ecolóxica, teñen cada vez maior importancia, tanto cualitativa como cuantitativamente. A superficie inscrita como ecolóxica en Galicia pasa de 20.306 ha no ano 2015 a 27.717 ha no ano 2016, o que supón un crecemento do 36,5%. Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, cómpre mencionar que máis da metade da superficie inscrita está dedicada a pastos e prados permanentes.

O valor da produción controlada polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (Craega) medrou no ano 2016 case un 26%, e acada os 41,8 millóns de euros. O leite e os seus derivados foron os que máis volume de vendas certificadas obtiveron, seguidos pola carne e derivados e as conservas de peixe.

Outras actividades de grande importancia na nosa comunidade son as integradas no **subsector mar-industria**. No ano 2016 o número de embarcacións

operativas con porto base en Galicia é de 4.430 en terceira lista (buques de pesca extractiva e marisqueo) e 1.277 en cuarta lista (buques auxiliares de pesca ou de actividades de acuicultura). O cómputo global das embarcacións da terceira lista amosa a caída no número de unidades, na liña de anos anteriores. Máis, en relación cos indicadores de capacidade da frota, identifícase no ano 2016 un cambio de tendencia, dado que tanto o arqueo (Gt) como a potencia (Cv) incrementan os valores respecto de 2015, nun 1% e un 1,5% respectivamente. Estes resultados son consecuencia da progresiva modernización da frota pesqueira, con embarcacións cada vez de maior porte.

Dada a especificidade da frota artesanal galega e a súa importancia económica e demográfica no territorio, o CES estima que se lle debería dar un tratamento diferenciado con respecto á pesca semiindustrial e/ou industrial.

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas mostra no ano 2016 un aumento tanto do seu volume de produción (4,1% máis) como na súa facturación (6,4% máis). Tras estes incrementos, o volume de produción acada os 187,6 miles de toneladas, e o seu valor ascende ata os 486,8 millóns de euros. A lonxa do porto de Vigo continúa sendo a máis importante en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, con 115,9 millóns de euros, un 12,1% máis que no ano anterior, e en termos de volume de produción, A Coruña (Lonja Coruña S.A.) é a que máis tonelaxe rexistra, con 39,9 miles de toneladas no ano 2016.

Ante a forte presenza en Galicia da muller no mundo do mar, o CES considera de interese traballar para a visibilización da actividade destas mulleres.

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2016 increméntanse en máis de 25 millóns de euros, ata o 180,4 millóns de euros no caso do pago con fondos UE do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ata os 159 millóns de euros no caso do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). En relación ao importe

total en España, estes pagos representan o 3,3% do total estatal para o FEAGA e o 9,7% no caso do FEADER.

No que respecta ao comercio exterior, o valor total das exportacións de produtos agroalimentarios experimenta novamente no ano 2016 un forte crecemento (7,7% en relación co ano anterior) para situarse nos 2.657,1 millóns de euros, o que supón o 6,2% do total estatal. Entre os diferentes produtos sobresa a importancia relativa dos peixes, crustáceos e moluscos, cun valor de 1.300 millóns de euros representan o 47% das exportacións españolas destes produtos, seguido das exportacións galegas de conservas de carne ou peixe, que representan o 44% das exportacións estatais.

As importacións presentan un maior dinamismo que as exportacións en termos de valor, e acada no último ano un total de 3.224,2 millóns de euros (16,5% máis que no ano precedente), o que supón o 10% do valor total das compras españolas de produtos agroalimentarios, dos que os produtos máis importantes son os peixes, crustáceos e moluscos.

Sector industrial

O conxunto do sector industrial, incluída a enerxía, presentou no último ano unha expansión da súa actividade, no que rexistrou unha taxa de variación interanual positiva do 2,5%, catro décimas máis que no ano anterior, e foi o sector industrial xunto co sector servizos, os únicos que en Galicia avanza no ano 2016 a taxas superiores ás acadadas en 2015.

Dentro do sector industrial, cómpre resaltar o incremento da industria manufactureira, que se comporta como o subsector máis dinámico cunha medra do 3,5%, 1,1 puntos porcentuais menos de avance que no ano anterior.

O sector industrial galego, particularmente no ámbito manufactureiro, continuou coa recuperación iniciada en 2015 tras o retroceso sufrido polo valor engadido bruto, que nos sitúa hoxe en día en niveis de 2004. O seu impacto potencial na economía e os retos aos que se enfronta, expresados na declaración institucional recentemente aprobada polo CES, deben levar ao deseño de políticas públicas que faciliten as transicións necesarias

de emprego e cualificacións, por un lado, e a innovación e a apertura de novos mercados, polo outro.

En termos absolutos, o valor engadido bruto xerado polas ramas industriais ascendeu no ano 2016 ata os 10.569 millóns de euros, o que representa o 5,9% do total estatal. Esta porcentaxe mantén a Galicia como a sétima comunidade autónoma con maior peso. A importancia do sector industrial reflíctese tamén en que achega o 16,6% do PIB total a prezos de mercado da economía galega, e é o 12,4% no caso da industria manufacturera. Estas porcentaxes son lixeiramente superiores ás rexistradas no conxunto do Estado para o sector industrial (incluída a enerxía) que representa o 16,1% do PIB, e inferiores no caso da industria manufacturera, que no conxunto do Estado supón o 12,8% do PIB a prezos correntes.

O índice de produción industrial (IPI) permite observar a evolución da actividade produtiva, eliminando a influencia dos prezos. Este índice presenta ao longo do ano 2016 un incremento do 4,1%, unha variación moi superior á rexistrada no conxunto do Estado (1,6%). Así mesmo, o IPI correspondente ao conxunto das ramas da industria manufacturera galega presenta no último ano unha caída do 1,9 % respecto do ano anterior non obstante, as taxas de variación anual de 2016 en relación co ano anterior mostran importantes avances na industria de confección de prendas de vestir (21,7%), na industria de fabricación de mobles (21,5%) ou na industria téxtil (18,1%), fronte ao descenso do 41,1% no índice de produción industrial das actividades de fabricación de maquinaria e equipamento non clasificados en ningures (n.c.n.).

A evolución negativa das actividades de fabricación de maquinaria e equipamento debe ser obxecto dunha atención especial pola súa transversalidade en termos de impacto tecnolóxico e xeración de *spillovers* de coñecemento.

Outra variable que permite observar a evolución do sector industrial son as vendas da produción da industria manufacturera galega, que medraron no ano 2015

(último dispoñible) un 2,4% respecto do ano anterior, as agrupacións que presentan unha maior achega ao valor total das vendas en Galicia son as actividades de alimentación, bebidas e tabaco (24,2% do total) e material de transporte (23,4%).

En termos de emprego industrial, os datos de afiliacións á Seguridade Social o 31 de decembro reflicten que en 2016 se racha a tendencia descendente rexistrada dende o comezo da crise económica. O sector industrial en Galicia tiña no último ano un total de 136.523 afiliacións, 3.359 máis que o 31 de decembro de 2015, e destaca pola súa importancia cuantitativa os aumentos na industria da alimentación (953 afiliacións máis) ou na fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento (699 afiliados máis). Pola contra, as maiores reducións prodúcense no caso da fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. (688 afiliacións menos). A EPA estima 161.900 ocupados no sector industrial no ano 2016, 2.400 ocupados máis que no ano anterior. O incremento de ocupación concéntranse fundamentalmente na industria da alimentación bebidas e tabaco (2.800 ocupados máis) e na industria téxtil, do coiro e do calzado (2.500 ocupados máis).

O CES entende prioritario avanzar na oferta, planificación e xestión do solo industrial, dende unha visión integral da ordenación do territorio, que garanta unha dotación suficiente, equilibrada e ordenada de áreas industriais.

No que se refire ao **subsector enerxético**, a potencia instalada en Galicia representa o 11,3% do total estatal, e a xeración neta de enerxía eléctrica acadou os 29.674 GWh, o 11,1% do total estatal; correspóndelle o cuarto posto entre as comunidades cunha maior porcentaxe de xeración eléctrica, por detrás de Cataluña, Andalucía e Madrid. En relación co tipo de xeración, o 37% da xeración neta total en Galicia procede do carbón, seguido do 29% da produción de enerxía eólica e do 22% da hidráulica. O 51,8% da xeración de enerxía eléctrica en Galicia no ano 2015, último dispoñible, procede de fontes renovables.

A demanda de enerxía en Galicia é de 19.718 GWh, o

7,5% da enerxía inxectada na rede a nivel nacional, rexístrase un saldo exportador de 9.721 GWh.

No que atinxe ao consumo de produtos petrolíferos na comunidade autónoma, no ano 2016 continúa a tendencia descendente de anos anteriores. Neste sentido, e a diferenza do que aconteceu no Estado, a demanda de produtos petrolíferos experimentou unha diminución do 0,5 % respecto ao ano anterior.

Debería valorarse a posibilidade de que os consumidores galegos, tanto particulares como industriais, poidan obter un retorno positivo no custo eléctrico polos efectos ambientais negativos que na nosa comunidade ten a xeración de enerxía eléctrica.

O sector da **automoción** en Galicia ten unha importancia capital tanto en termos de VEB como de emprego, así como por todos os efectos positivos que se derivan da implantación dunha industria altamente tecnolóxica nun territorio.

O conxunto de empresas cuxa actividade principal é a fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques (división 29 da CNAE 2009), que comprende a fabricación de vehículos de motor, así como as súas partes e pezas, tivo unha produción en Galicia no ano 2014 (último dispoñible) de 7.300 millóns de euros e xerou 16.387 postos de traballo. Esta rama de actividade representa o 2,8% do valor engadido bruto xerado na economía galega no ano 2014, e o 1,5% do emprego.

A fabricación de vehículos e compoñentes representa o 20,2% do VEB industrial galego, once puntos porcentuais máis que a fabricación de produtos metálicos agás maquinaria e equipamento, segunda rama dentro da industria por volume de valor engadido.

A importancia do sector da automoción pode valorarse tamén en base aos datos facilitados por a Fundación Clúster da Automoción de Galicia (CEAGA). As empresas que compoñen o clúster de automoción facturaron en 2016 un total de 8.320 millóns de euros, un 1,5% máis que no ano anterior, o que representa a cifra máis elevada dende 2008 e o 14% do PIB galego. Neste úl-

timo ano o 69% do total facturado (5.740 millóns de euros) procede da exportación.

No que atinxe ao emprego, as 113 empresas membros do clúster contaban a 31 de decembro de 2016 cun total de 19.850 empregos directos, 750 empregos máis, un 4% máis que na mesma data do ano anterior, o que supón arredor do 12% do emprego industrial en Galicia. Incluídos os empregos indirectos, o sector conta con 45.100 empregos totais.

A produción de vehículos en Galicia representou en 2016 preto do 15 % da produción estatal, porcentaxe que sitúa a factoría de Vigo PSA Peugeot Citroën como a segunda planta con maior produción de España, tras Seat Martorell.

Finalmente, no que atinxe ao **sector naval**, Galicia recuperara no ano 2016 o primeiro posto en canto ao número de novos contratos e de pedidos na súa carteira, por diante do País Vasco, Asturias e Andalucía. Dunha banda, os estaleiros galegos pecharon o ano 2016 sumando un total de 11 novos contratos, e, doutra banda, a súa carteira de pedidos ascende considerablemente no último ano ao acadar un total de 23 buques, o 38,3% do total estatal.

O avance no último ano non pode ocultar as serias dificultades que o sector está atravesando en moitos países desenvolvidos. Comparando a situación da construción naval nos estaleiros galegos entre os anos 2008 e 2016, obsérvase un notable descenso do índice de actividade, medido en toneladas de rexistro netas (GT), dos novos contratos. Este indicador mostra o seu nivel máis baixo no ano 2016, onde a pesar de incrementarse a carteira de pedidos diminúe o arqueo destes.

O esforzo do sector metalúrxico galego na súa reorientación cara a actividades intensivas en coñecemento, como a reparación naval e o sector off-shore, debe ir acompañado de medidas que lle permitan aproveitar o coñecemento e experiencia, e a colaboración entre o sector público e privado en materia de I+D+i é fundamental para que as empresas sexan competitivas nun sector altamente profesionalizado.

Sector da construción

No ano 2016 o sector da construción medra un 3,1% de media anual, e o incremento no ano 2015 é do 3,8%. Estas elevadas taxas de crecemento deben ponderarse co feito de que o sector partía de niveis de produción baixos derivados dos axustes sufridos na crise económica.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade mantén o seu peso relativo no 6,53 % do VEB total xerado por este sector en España. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no PIB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado segundo os datos de primeira estimación da Contabilidade Rexional do INE (6,37% en Galicia e 5,08% de media en España).

O crecemento do VEB xerado polo sector da construción non se traduce en maior emprego, e no ano 2016 obsérvase un descenso do 1,4% do traballo equivalente a tempo completo, que se sitúa nas 66.919 persoas; os datos da EPA tamén reflicten un descenso do 2,4% en relación co ano precedente (1.800 ocupados menos), co que se acadan as 71.800 persoas. Comparado co conxunto do mercado de traballo galego, o peso relativo do emprego do sector sitúase lixeiramente por baixo do 7%.

Se consideramos os visados de obra como un indicador adiantado da actividade do sector da construción, no ano 2016 rexistrouse un aumento do 20,4% na superficie para construír de visados de obra nova, dos que o 65% corresponden a edificios de vivendas e o 18,9% a edificios de uso industrial.

En canto á obra pública, que representa unha parte moi significativa da produción do sector, pechou o ano 2016 cun incremento do 13%, que contrasta coa redución no ano anterior, e acada os 898,2 millóns de euros. Por tipo de administración, a licitación pública da Administración xeral do Estado en Galicia medrou case un 15% fronte ao comportamento da licitación pública da Administración autonómica, que rexistra un descenso do 1,8% respecto do ano anterior, e o valor da licitación pública da Administración local aumenta ata os 187,1 millóns de euros.

O 58,6% do valor total da licitación pública realizada en Galicia no último ano corresponde á Administración xeral do Estado (56,2% en 2015), seguida pola Administración local, co 20,8% e da licitación da Administración autonómica, co 20,6%. Por tipo de obra, o aumento da licitación pública en Galicia responde a un incremento da licitación en obra civil en case 110 millóns de euros nominais, e acada os 712,8 millóns fronte ao descenso da licitación para edificación.

Outros indicadores que permiten analizar a evolución do sector da construción, son os indicadores de demanda no ámbito da vivenda, nos que destaca o relacionado co número de hipotecas constituídas así como os datos de compravendas de vivendas. Por unha banda, en Galicia no ano 2016 diminúe tanto o número como o importe medio das hipotecas constituídas. Por outra banda, increméntanse as compravendas de vivendas un 7,7% en Galicia, un incremento, sensiblemente inferior ao acontecido no conxunto do Estado (13,6%).

Finalmente, cómpre destacar que o valor medio do índice de prezos da vivenda no ano 2016 aumenta tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Mentres que en España o índice de prezos da vivenda aumenta un 4,7% en relación co ano anterior para situarse en 69,9 puntos (2007=100), en Galicia o incremento é do 2%, e o seu valor medio sitúase en 75,1 puntos.

Despois dunha severa reestruturación, o sector da construción enfróntase a importantes retos na busca de oportunidades como a rehabilitación de vivendas, o desenvolvemento e o mantemento de infraestruturas, o investimento en estruturas que fomenten a eficiencia enerxética ou a innovación en materiais entre outros, todo isto para acadar un crecemento dimensionado e equilibrado.

Sector servizos

O VEB do sector servizos aumentou un 3,3% de media no ano 2016, 1,2 puntos porcentuais por riba do avance de 2015. En termos absolutos, o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 35.531 millóns de euros, o 61,3% do PIB galego, preto de seis puntos porcentuais inferior á media estatal (67,2%).



A mellora da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do emprego. O traballo equivalente a tempo completo no sector servizos medra en Galicia un 2,2% no último ano, e son as “actividades profesionais” e as de “comercio, transporte e hostalería” as que presentan as taxas de crecemento máis acusadas, cun 4,6% e 2,3%, respectivamente.

Tras unha medra do 2,1%, a EPA estímase que no ano 2016 están ocupados no sector servizos un total de 735.500 persoas, o que representa o 70,7% do emprego en Galicia, e é especialmente importante a ocupación feminina xa que o 84% das mulleres ocupadas en Galicia traballan no sector servizos. Por ramas de actividade salienta o subsector do comercio, con 145.000 persoas, o 19,7% do emprego no sector, e o das actividades sanitarias e servizos sociais, con case 90.000 persoas (12,2%).

O aumento de 15.100 ocupados no sector no último ano, vén explicado fundamentalmente polo incremento da poboación ocupada nos subsectores de transporte e almacenamento, con 4.600 traballadores máis e nas actividades sanitarias e de servizos sociais, con 3.800 ocupados máis.

Na liña das economías avanzadas, continúa o aumento da participación do sector servizos no total da produción da economía galega.

O sector industrial debe contemplarse en sentido amplo, integrando o sector manufactureiro e os servizos asociados a súa cadea de valor, por ser dúas caras da mesma moeda. O CES entende que se debe potenciar un sector servizos de calidade que acompañe a industria manufacturera.

A consolidación do crecemento da demanda de consumo nos dous últimos anos favorece o crecemento da **actividade comercial** en Galicia. As vendas da rama de comercio aumentaron un 10,2%, o dobre do crecemento rexistrado en 2015, como resultado do bo comportamento das vendas no comercio por xunto e intermediarios do comercio, con avances de máis do 14%. O comercio ao retalho tamén medrou pero a taxas inferiores ao ano anterior.

A evolución positiva do índice xeral de vendas polo miúdo non se traslada totalmente ao mercado de traballo xa que o índice de ocupación medra un 1,3% en relación coa media do ano anterior, porcentaxe catro décimas inferior á media española. En termos de afiliación á Seguridade Social, esta actividade segue a ser con diferenza a que acolle un maior número de afiliacións con 107.029 persoas afiliadas, o 11,2% do total, e un 1,3% superior ás rexistradas no ano anterior. O 32% do total de afiliados na actividade de comercio ao retalho pertencen ao réxime especial de autónomos.

Finalmente cómpre salientar que o bo comportamento da actividade non cambia a tendencia de anos anteriores, en canto ao descenso no número de establecementos. Neste sentido, o número de establecementos de comercio ao retalho o 1 de xaneiro de 2016 descendía en Galicia ata os 37.233, o que supón unha redución de 684 establecementos en relación á mesma data do ano anterior. O número de empresas de comercio ao retalho existentes en 2016 cae ata as 29.795 empresas, 639 menos que ano anterior, e son, como no caso dos locais, as empresas de comercio retallista en establecementos non especializados os que se reducen en maior número. O seu peso relativo no total estatal cae unha décima, ata o 6,4%.

O **subsector turístico** mostra un ano máis un comportamento favorable en canto ao crecemento do número de viaxeiros e ao aumento nos días que permanecen no noso territorio. O número de turistas que chegaron a Galicia no ano 2016 ascendeu a 4,3 millóns de persoas, un 58 % máis que no ano anterior, o que representa o 4,3% do turismo nacional total. Dos 239 mil turistas máis que chegaron a Galicia no último ano, 177 mil son residentes en España e 62 mil, residentes no estranxeiro.

Asociado ao incremento de viaxeiros, no ano 2016 prodúcese un aumento nas pernoitas en establecementos hoteleiros. Ao longo do último ano, estas experimentaron en Galicia unha mellora do 7,2% con respecto aos datos do ano precedente, e acadaron as 8,2 millóns de pernoitas. As taxas de incremento do número de viaxeiros e de pernoitas en Galicia son similares ás rexistradas de media no Estado. A evolución do número de viaxeiros e de pernoitas explica a lixeira melloría da estadía media nos establecementos hoteleiros galegos,

que se sitúa en 1,91 días (3,32 días no conxunto do Estado).

Así mesmo, o índice de prezos hoteleiros presenta no ano 2016 unha taxa de variación interanual positiva do 3,1%. O incremento de ocupación e de prezos favorecen unha mellora da rendibilidade das actividades hoteleiras, que se observa tanto no incremento da tarifa media diaria, como dos ingresos medios por cuarto.

Débase apostar por un turismo sustentable, cunha oferta diversificada que reduza a estacionalidade, favorecendo a creación de emprego estable e cualificado.

No que respecta á evolución das actividades incluídas no **subsector do transporte**, a utilización dos diferentes servizos de transporte está condicionada pola evolución da actividade económica en xeral e polas infraestruturas existentes para a provisión do servizo. Por isto a estrada é a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, séguelle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros.

O movemento de mercadorías transportadas por estrada en Galicia rexistra en 2016 un incremento do 0,9% do volume total respecto do ano anterior, no que acada os 98,4 millóns de toneladas, o que representa o 6,2% do total estatal.

O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo que move aproximadamente a cuarta parte do total de mercadorías transportadas en Galicia. Tras unha medra do 1,2% en relación co ano anterior, os portos de interese xeral moveron un total de 33.921 miles de toneladas (o 6,7% do total estatal). Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás os de Ferrol-San Cibrao e Vigo, rexistran incrementos no movemento de mercadorías.

A carencia que presenta a infraestrutura ferroviaria no que respecta ao tráfico de mercadorías limita o aproveitamento das súas vantaxes, tanto en termos económicos, medioambientais ou no que respecta á

diminución da conxestión no tráfico por estrada.

De acordo coas cifras ofrecidas polo Ministerio de Fomento, a cota modal do ferrocarril en Galicia acada menos do 2% do total de mercadorías transportadas, mentres que en España é do 4%, e en Alemaña ou Francia acada cotas arredor do 20%. O tráfico ferroviario de mercadorías en Galicia foi de dous millóns de toneladas, o que representa o 12,3% do total do Estado.

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, o volume transportado en 2016 no sistema aeroportuario galego aumenta nun 12,2% respecto do ano anterior, e acada un total de 2,96 mil toneladas transportadas, o que supón tan só o 0, % do total estatal.

Finalmente, a evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, reflicte o dinamismo do sector turístico no ano 2016, de xeito que, no conxunto do sistema aeroportuario galego se experimentaron incrementos superiores ao do total dos aeroportos españois no caso do número total de pasaxeiros e do número de operacións. No que respecta ao transporte marítimo, no ano 2016 o tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral diminuíu no caso dos cruceiros nun 14% para situarse nas 316.647 persoas, o 3,8% do total estatal. No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, o forte incremento rexistrado na ría de Vigo de case 108 mil viaxeiros, xunto co aumento en todas as liñas, explica a medra do 10,9% en Galicia.

O transporte de pasaxeiros en ferrocarril medra un 6,3% en relación co ano anterior. Así, o número de persoas que soben ao tren nas estacións galegas supera en 2016 os 4,2 millóns. O número de viaxeiros de media distancia convencional aumenta en Galicia un 7,6%, e acada os 3,6 millóns de persoas, mentres que os de longa distancia diminúen lixeiramente, que se sitúan en 686.000 viaxeiros, un 1% menos que no ano anterior.

O CES considera necesario cumprir os prazos establecidos para o remate das infraestruturas ferroviarias, manter a rede convencional e potenciar o uso da rede ferroviaria no transporte de mercadorías.

O CES aposta por unhas infraestruturas vertebradoras e eficaces, polo transporte público, a intermodalidade e a loxística.

No ano 2016 o **sector financeiro** avanza nunha senda de reestruturación no acceso á liquidez e de mellora da calidade dos seus activos, non obstante, estas melloras non se están trasladando de maneira directa á reactivación de novas operacións de crédito, fundamentais para a recuperación da actividade produtiva.

En Galicia continúa o descenso no número de oficinas das entidades de crédito, e fronte ao aumento do 2,7% no volume de depósitos do sector privado e á mellora da rendibilidade do sistema financeiro, o valor dos créditos concedidos polas entidades en Galicia cae un ano máis, seguindo a tendencia iniciada en 2011, e sitúase nos 42.563 millóns de euros, un 1,1% inferior ao rexistrado no ano 2015 (-4% en España). No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia caen os créditos concedidos ás administracións públicas (12,9% menos que no ano anterior) e diminúen tamén os concedidos aos restantes sectores residentes, aínda que en moita menor medida (-0,2%).

O proceso de axuste cara a un novo modelo de negocio do sector bancario estase traducindo nun redimensionamento que comporta a redución de cadros de persoal e o peche de oficinas. O proceso de transformación cara á banca dixital esixe un tempo de transición e adaptación dos clientes que deberá realizarse de xeito paulatino. O CES considera necesario que esta transformación se leve a cabo tendo en conta as necesidades dos clientes, especialmente no medio rural.

Comercio exterior

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte a achega positiva da demanda externa ao crecemento agregado do PIB por primeira vez dende o ano 2007. No conxunto do ano 2016 a súa contribución foi de seis décimas, co que se sitúa en dous puntos porcentuais no último trimestre do ano. Este bo comportamento apréciase tamén no saldo da balanza comercial, que por primeira vez ao longo da serie 1995-2016 acada un valor positivo.

As exportacións galegas ao conxunto do Estado e terceiros países acadan un valor de 31.743,7 millóns de euros e as importacións ascenden a 30.874,9 millóns, polo que o saldo comercial da economía galega acada un superávit de 868,8 millóns de euros. O sinalado saldo comercial positivo é consecuencia tanto do superávit nas relacións comerciais co resto de Estado como con terceiros países. A taxa de cobertura da economía galega no ano 2016 ascendeu a 101,2%, en tanto que a taxa de apertura foi do 106,9%, case un punto máis que no ano anterior.

No concernente ás relacións comerciais con terceiros países, 2016 caracterízase, entre outros aspectos, por unha medra do saldo positivo da balanza comercial por un incremento da actividade comercial, entendida esta como a suma das exportacións e importacións, así como pola súa elevada concentración xeográfica e sectorial. Dunha banda, a UE acolle máis de dúas terceiras partes da actividade comercial galega, e doutra banda, os cinco primeiros capítulos exportadores e importadores representan máis do sesenta por cento do seu importe total. Así mesmo, salienta o incremento do número de empresas galegas que venden os seus produtos ao exterior.

A actividade comercial con terceiros países, medra en Galicia un 4,7% no último exercicio como resultado tanto do incremento das exportacións (5,9%) como das importacións (4,7%). O volume total das compras e vendas galegas no exterior en 2016 acadou os 35.623,3 millóns de euros, 1.590,7 millóns máis que no ano anterior.

No último ano, o grado de apertura da economía galega a terceiros países ascendeu ata o 61,3%, o que supón o valor máis elevado dende o comezo da crise económica.

O bo comportamento do sector exterior pon de manifesto a competitividade das empresas galegas e a oportunidade de abrir mercados no exterior. O CES considera importante todos os instrumentos de apoio existentes así como a súa coordinación, tanto para lograr unha maior presenza no exterior como para facer máis atractiva a captación do investimento estranxeiro.

Atendendo á súa distribución segundo sectores de actividade, este comportamento vén explicado fundamentalmente pola medra experimentada nos sectores de manufacturas de consumo (1.084,6 millóns), o de alimentos e o do automóbil (647 e 494,4 millóns de euros, respectivamente), que compensan a contracción sufrida novamente polos produtos enerxéticos (633,4 millóns de euros) así como de materias primas e bens de equipamento (85,5 e 79,6 millóns).

Galicia incrementa o saldo positivo da súa balanza comercial ata os 4.453,6 millóns de euros, un 16,7% máis que no ano anterior (638,1 millóns de euros), motivado polo maior crecemento das exportacións. Este saldo comercial representa o 7,7% do PIB no ano 2016, nove décimas por riba do rexistrado no ano anterior.

O valor total das importacións galegas de terceiros países medrou no último ano ata os 15.548,8 millóns de euros (476,3 millóns superior ao rexistrado en 2015), o que representa o 5,7% do valor total das importacións españolas.

Ao igual que no ano anterior, os dous sectores máis importantes en termos monetarios son os da automoción e o correspondente aos alimentos. Dunha banda, o sector da automoción, tras unha medra do 11,6% en relación co ano anterior, sitúase como a actividade que presenta un maior importe ao acadar os 4.344,6 millóns de euros, que significa o 11,6% do total estatal. A continuación sitúanse as importacións de alimentos, que experimentan unha medra do 16,5% respecto do ano anterior, e representa o 20,7 % do valor total das importacións galegas (3.224,2 millóns de euros) e o 10 % das importacións españolas. O sector enerxético volve a experimentar unha redución considerable no valor das súas compras exteriores, cunha caída superior ao 25%.

As importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea, de xeito que o 59,4 % do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (9.251,9 millóns de euros), e Francia é o principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría do Grupo PSA Peugeot-Citroën en Vigo, con 4.368,7 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.925 millóns.

Atendendo á comparación co ano 2008, cómpre salien-

tar que o capítulo 27 (combustibles e aceites minerais) deixa de ser o principal capítulo importador ao representar no último ano o 10,7% das importacións galegas (21,4% en 2008), e en primeiro lugar sitúase o sector de vehículos automóbiles e o de peixes crustáceos e moluscos, que en 2016 significaban o 29,2% e 12,7%, respectivamente (16,7% e 8,4% no ano 2008, respectivamente). Dende o punto de vista xeográfico aprécianse tamén cambios importantes xa que o peso relativo das importacións francesas medra dez puntos porcentuais para situarse no 28%, e descende lixeiramente o peso de Portugal, que acolle o 12,4% do valor total das compras exteriores (13,7% en 2008). Así mesmo, cómpre mencionar que China se sitúa como terceiro país máis importante, cun 4,8%, cando no comezo da crise era o sexto, superado por México, Reino Unido e Alemaña.

As exportacións de produtos galegos a terceiros países volve a presentar un comportamento positivo cun incremento arredor do 6%. O importe total das exportacións ascende a 20.038 millóns de euros, o que representa o 7,9% das exportacións españolas, tres décimas por riba do peso relativo do ano precedente.

O grupo de manufacturas de consumo é o máis importante tanto en termos de valor como en relación coa súa importancia relativa no conxunto do Estado. As exportacións destes produtos ascenderon en 2016 a 6.066,8 millóns de euros, o 30,3% das vendas exteriores de Galicia, o que representa o 23,6% das exportacións españolas deste sector. Séguelle en importancia, no que en termos monetarios se refire, o sector do automóbil, cunhas vendas de case 3.850 millóns de euros, o que supón o 19,3% das exportacións galegas e o 8,5% das exportacións españolas do sector.

No ano 2016 volve a aumentar a concentración das exportacións ao mercado comunitario, coa concentración da zona euro do 75,3% das vendas galegas (15.093,3 millóns de euros), e é Francia o principal destino das vendas de Galicia por diante de Portugal.

Comparado co ano 2008, cómpre destacar o forte descenso do peso relativo das exportacións de produtos de automóbiles, que pasa do 37,1% ao 26,5% do ano 2016, así como o incremento experimentado nas actividades de prendas de vestir, que en 2008 supuñan o



14,3% do valor total das vendas a terceiros países e no último ano o 24%. Así mesmo, a pesar de que Francia e Portugal seguen sendo os principais destinos dos produtos galegos, en 2008 representaban o 34,9% e 15,8%, respectivamente, en 2016 supuñan o 19,2% e 12,7%.

Un último aspecto que hai que considerar na análise do sector exterior galego con terceiros países é a base exportadora. O número de empresas que venderon os seus produtos no exterior de España supera no ano 2015 ata as 6.700, un 6% máis que no ano anterior (382 empresas máis). O sector con maior número de empresas exportadoras é o de bens de equipamentos, con 2.228 empresas, por diante das semimanufacturas e a industria de alimentación, con máis de 1.500 empresas.

Este incremento explícase en gran medida pola evolución experimentada nos sectores de alimentación (183 empresas máis) e nos de semimanufacturas e manufacturas de consumo, con case 90 empresas máis, que contrasta cun descenso no sector da automoción (18 menos) e cunha nova caída no sector de materias primas (15 empresas menos).

Entre os sectores que presentan un maior crecemento no número de empresas exportadoras, cómpre resaltar o incremento das empresas da industria cárnica, con 121 empresas máis, por diante do sector de produtos químicos e da industria téxtil, con 73 e 53 empresas máis. No extremo oposto, descende o número de empresas nas actividades de material e transporte e nas de automóviles e motos, con 92 e 35 empresas menos. Atendendo á súa importancia relativa no total estatal salienta o sector de alimentación, que aumenta o seu peso no conxunto do Estado ata o 8,4%, oito décimas máis que no ano anterior. A pesca, a pesar da redución do número de empresas exportadoras, é o sector con maior peso relativo, co 29,4% do total estatal, e destaca o crecemento do sector das empresas cárnicas que representan 12,3% das empresas exportadoras do sector en España (8,5% en 2015). □

4. Calidade de vida e benestar social

Saúde

Seguindo as recomendacións da Organización Mundial da Saúde, o CES considera que as políticas sanitarias deben dirixir os seus esforzos á prevención das enfermidades e a fortalecer o vínculo entre saúde e benestar social. A comunidade de saúde pública, tanto nacional como internacional, debe adoptar un novo enfoque no que se reforcen as actividades de prevención e control das enfermidades crónicas. Estas enfermidades teñen factores de risco comúns e modificables, nos que destacan a alimentación pouco sa, a inactividade física e o consumo de tabaco.

En Galicia, no ano 2017, o gasto sanitario no orzamento inicial é de 3.611 millóns de euros, un 2,8% máis que no orzamento inicial do ano anterior. Este aumento nas partidas de gasto sanitario, tamén se reflicte nas actuación de prevención enmarcadas no programa de gasto 413A. Protección e promoción da saúde, así, estímase que no ano 2017, o 40% da poboación obxectivo participa en programas de cribado de cancro de colon e un 83% nos programas de cancro de mama. A cobertura

da primovacinação está a tres puntos de acadar o 100%, mentres que a cobertura de vacinación en adultos, referida sobre todo á da gripe, chega ao 55%.

O gasto sanitario está condicionado por diferentes variables tanto estruturais como conxunturais, neste sentido, a Enquisa europea de saúde define indicadores da saúde dos residentes nun territorio, e entre eles, mostra como a asistencia tanto a consultas de atención primaria como especializada aumenta a medida que aumenta a idade, especialmente a partir dos 75 anos; polo tanto a estrutura e a evolución demográfica dun territorio condicionan de xeito fundamental as necesidades sanitarias deste. No ano 2016 en Galicia o 24,3% da poboación tiña 65 ou máis anos, cando a media estatal é do 18,6%. Este diferencial implica uns maiores índices de envellecemento e sobreenvellecemento, e tamén un maior gasto sanitario per cápita, que aumenta exponencialmente coa idade.

O envellecemento da poboación ten implicacións directas nos sistemas de protección sanitaria e social. Por unha banda, entre as causas do envellecemento están as derivadas da mellora das condicións de vida e por outra banda, estarían a baixa natalidade ou a saída do territorio de poboación en idade de ter fillos, circuns-

tancias que limitan a renovación da poboación.

A elevada idade media da poboación en Galicia determina que a taxa bruta de mortalidade sexa a terceira máis elevada do Estado, por detrás de Asturias e Castela e León; pero se eliminamos o condicionante da proporción de poboación envellecida, as taxas estandarizadas de mortalidade, mostran a Galicia nunha posición intermedia, por debaixo da taxa de mortalidade media estatal.

No que respecta á saúde materno-infantil, no ano 2015 repunta a taxa de mortalidade infantil, e en Galicia acada as 2,78 defuncións por cada mil nacidos vivos fronte ás 1,98 defuncións do ano 2014. Por primeira vez a taxa de mortalidade infantil en Galicia é superior á media estatal, que se sitúa como a quinta comunidade cunha maior taxa de mortalidade infantil no ano 2015.

Outro dos indicadores de saúde considerados é a sinistralidade, onde se diferencia entre a motivada por accidentes de tráfico e por accidentes laborais. No que respecta aos accidentes de tráfico, no ano 2016, en Galicia o número total de persoas falecidas en accidentes de tráfico en vías interurbanas foi de 106, 15 máis que no ano anterior, o que supón un 16,5% máis, unha porcentaxe moi superior ao incremento medio no conxunto do estado que foi do 2,9%. Nas estradas galegas localízanse o 9,1% do total de vítimas estatais, e Galicia é a quinta comunidade autónoma con maior número de vítimas.

Tal como se analiza no capítulo dedicado ao emprego na presente memoria, no último ano en Galicia, diminúe nun 0,7% o número de accidentes laborais con baixa.

O CES considera prioritario solicitar dos poderes públicos que doten a poboación dun sistema sanitario eficiente a través da habilitación de medidas e medios suficientes, adaptados ás características e necesidades da poboación e que garantan os máximos estándares de calidade.

Dentro dos indicadores de funcionamento do sistema sanitario salientan os datos de centros sanitarios, tanto

dende un punto de vista cuantitativo, en relación cos recursos materiais e humanos dispoñibles, como cualitativo, referidos ao volume e tempo de espera nas listas de agarda.

Tras a tendencia descendente iniciada en 2008, en 2015, último dato dispoñible, o número de camas instaladas nos hospitais galegos incrementábase ata as 9.785 camas, 147 máis que no ano anterior, o que representa 3,6 camas por cada 1.000 habitantes.

Un dos niveis asistenciais máis complexos e que máis presión soportan é a atención de urxencias. Segundo os datos da Enquisa europea de saúde 2015, en Galicia ao longo do ano 2014 o 30,1% da poboación enquisada acudira ao servizo de urxencias nos 12 meses anteriores á entrevista, fronte ao 27,4% de media no Estado.

Un dos retos ao que se enfronta o nivel de atención especializada é a redución das listas de agarda cirúrxica, polo que este é un indicador que pode mostrar os posibles efectos das medidas implementadas nos últimos anos. No que atinxe á lista de agarda estrutural cirúrxica, no ano 2016 rexístrase un descenso do número de pacientes en lista de espera para ser operados, e acada as 32.704 persoas nos centros do Sergas, 350 persoas menos que no ano anterior; o 23,2% dos pacientes teñen que agardar máis de tres meses para operarse.

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), o tempo medio de espera nos hospitais do Sergas, o 31 de decembro de 2016 situouse nos 16,2 días, e o obxectivo que se quere acadar é un máximo de 30 días. De xeito contrario non se acada o obxectivo establecido no caso das patoloxías de prioridade 2 (60 días) ao presentar un tempo de espera medio de 64,9 días.

No que respecta ao gasto sanitario, tal como se citou anteriormente, a variación interanual positiva do gasto sanitario en termos de orzamento inicial foi en 2016 do 3,03% en Galicia, un incremento similar ao avance do PIB galego, pero inferior ao aumento medio no conxunto do Estado que foi do 3,65%. Galicia sitúase no décimo posto do conxunto de CCAA, en canto a intensidade no incremento do gasto sanitario, en termos de orzamento inicial.

Por segundo ano consecutivo aumenta o gasto medio



por habitante, o que marca unha ruptura coas caídas rexistradas en anos anteriores. En termos por habitante, o gasto total ascendeu a 1.292,4 euros, superior ao gasto medio a nivel estatal que é de 1.212,5 euros. A pesar da caída na poboación, a maior intensidade na redución do gasto sanitario en relación co ano 2008 fai descender en case 29 euros en termos nominais (2,2%) o gasto por habitante.

No ano 2016, todas as comunidades autónomas incrementan o gasto farmacéutico, e Galicia é onde este incremento é menor en termos relativos, cun 1,6% máis. En comparación co ano 2011, data de posta en funcionamento da reforma do gasto farmacéutico, este gasto en Galicia cae un 17,4%, máis de seis puntos porcentuais superior á caída media do Estado.

Pobreza e cohesión social

As taxas de pobreza e desigualdade que se rexistran no ano 2016 en Galicia seguen sen mostrar claramente a recuperación que se observa nas variables macroeconómicas. O efectos negativos da crise económica sobre os niveis de renda, de desigualdade e de pobreza non están retrocedendo coa mesma intensidade que mostra o crecemento do PIB no último ano. O CES entende necesario adoptar medidas que permitan un crecemento inclusivo, prestando especial atención aos colectivos en risco de exclusión social.

A análise da pobreza, a desigualdade e a cohesión social debe abordarse dende múltiples facetas, e existen moitas variables incluídas na dita análise. Neste sentido, a evolución do ingreso medio é unha variable básica na análise da pobreza dos fogares. No ano 2015 (datos do 31 de decembro, últimos dispoñibles), en Galicia aumenta tanto o ingreso medio por fogar como por persoa, e acádanse os 25.980 euros e 10.708 euros, respectivamente, en ambos dous casos por debaixo da media estatal. En paralelo ao aumento da renda media dos fogares, a porcentaxe de fogares que afirman ter dificultades ou moitas dificultades para cubrir os gastos mensuais diminúe, de xeito que 23 de cada 100 fogares galegos afirman ter dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes no ano 2015, (34 no conxunto do Estado).

É necesario intensificar e coordinar as actuacións entre todas as institucións involucradas na loita contra a pobreza, avanzando cara unha sociedade máis inclusiva e igualitaria.

Outro indicador do grao de benestar social deriva da forma en que se organizan as estruturas familiares en base ao número de persoas que perciben ingresos dentro da vivenda familiar. No ano 2016, estímase que en Galicia existen 1.087.400 vivendas familiares, das que 37.000 vivendas non dispoñían de ningún perceptor de ingresos (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego), e en 468.600 vivendas só un membro percibía algún ingreso económico. Nos dous últimos anos, incrementábase o número de fogares sen perceptores de ingresos, rexistrándose no último ano 4.100 fogares máis nesta situación que no ano 2015, así mesmo aumenta en 1.300 o número de fogares cun só perceptor.

No que respecta á condición de persoa activa ou inactiva dos integrantes das vivendas familiares, en 2016, incrementábase nun 17% o número de fogares nos que ningún dos seus membros ten a condición de persoa activa, acadando os 343.200 fogares nesta situación, o 31,6% do total dos fogares galegos. Nas 744.200 vivendas con polo menos unha persoa activa, no 10 % (74.420 fogares) todos os membros activos están parados.

Tal como se sinalou anteriormente, moitas variables inciden directamente nos niveis de pobreza, así en Galicia a importancia en termos cuantitativos das rendas procedentes de pensións de xubilación e a súa resistencia nos anos de crise económica determina menores taxas de pobreza que a media estatal. Por outra banda, o prezo dos insumos básicos inflúe tamén na existencia de situacións de carencia material, con efectos especialmente preocupantes nos fogares con menores ingresos; neste sentido os fogares galegos de media en 2015 dedicaron o 4,31% do seu orzamento a electricidade, gas e outros combustibles (4,05% media estatal).

Entendendo que a pobreza ten moitas causas, sen dúbida é unha consecuencia dunha precaria situación monetaria, aínda que os efectos desta van máis aló, e afectan a ámbitos como a vivenda, a saúde, ou as relacións sociais, entre outros.

A taxa de risco de pobreza, entendida como indicador monetario da rendas dos fogares, proporciona información dunha medida relativa do risco de pobreza monetaria e clasifica aos individuos en risco de pobreza ou non, tendo en conta a posición relativa dos ingresos do fogar ao que pertencen con relación ao conxunto dos ingresos da poboación, nun ano determinado. En Galicia no ano 2015, o 19% das persoas teñen ingresos baixos con relación ao conxunto da poboación, fronte ao 22,3% de media no Estado.

Se se combina o criterio monetario con outros indicadores que incorporan a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais, o indicador AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), permite valorar a pobreza dende un punto de vista máis amplo. O 31 de decembro de 2015, segundo o citado indicador AROPE, o 25,4% da poboación galega atopábase nunha situación de risco de pobreza ou exclusión social, e esta porcentaxe é tres décimas inferior ao ano anterior, e 2,5 puntos inferior á media estatal.

Desagregando esta taxa entre os seus compoñentes, Galicia segue amosando unha situación máis favorable con relación á media estatal. Dunha banda, o 4,1% da poboación atópase nunha situación de privación material severa, (5,8% no conxunto do Estado), e que o 13,6% das persoas menores de 59 anos vive en fogares con baixa intensidade no traballo, 1,3 puntos por baixo da media estatal.

O indicador AROPE mostra desigualdades territoriais e demográficas nos índices de pobreza. A nivel territorial a provincia de Pontevedra ten unha taxa de risco de pobreza e exclusión social 5,9 puntos superior á media galega, e sitúase no 28,4%, por diante de Ourense, con 23,3%. Por contra, Lugo e A Coruña, manteñen unhas taxas inferiores á media.

O CES pon de manifesto a necesidade de facilitar o acceso á electricidade e gas aos fogares galegos en situación de pobreza enerxética.

En termos demográficos, a poboación galega entre 16 e 24 anos é a que rexistra unha maior incidencia, de xeito que o 31,8% destas persoas desta franxa de idade

estarían en risco de pobreza, e a dita porcentaxe é do 25,9% para as persoas de entre 50 e 64 anos, hai que salientar que este último é o único intervalo de idade que no ano 2015 reduce a poboación en situación de risco.

A existencia de fogares con cargas familiares ou a tipoloxía destes determinan tamén un maior ou menor risco de pobreza. Así, o maior risco de pobreza rexístrase nos fogares compostos por un adulto con nenos e mozos a cargo, cun 51,4% destes en situación de pobreza ou exclusión social. Se se diferencia por tipoloxías, os fogares monoparentais son os que rexistran unha maior taxa co 38,6% destes en situación de risco de pobreza ou exclusión.

O CES quiere pór de manifesto que organismos como o Fondo Monetario Internacional advirten de que unha maior desigualdade está asociada a un menor crecemento económico, de xeito que esta desigualdade pode inducir aos fogares con rendas medias e baixas a endebedarse excesivamente, o que minora e incluso pode impedir a saída da crise económica.

Existen diversas vías para medir a desigualdade, a xa citada taxa monetaria de pobreza e, especificamente o coeficiente de Gini ou a distribución da renda S80/S20. O 31 de decembro de 2015 o valor do índice de Gini sería en Galicia do 0,287 (0,345 para España), o que reflicte unha distribución da renda máis igualitaria en comparación co valor medio estatal.

A distribución da renda S80/S20, indica que os ingresos medios do quintil máis rico da poboación galega son catro veces e media superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre (6,6 veces de media a nivel estatal).

A redución dos niveis de pobreza e a consecución da igualdade social debería estruturarse en medidas que en todo caso teñen que incluír a atención ás persoas en situación de dependencia e discapacidade e garantir un financiamento suficiente, preferentemente mediante prestacións de servizos profesionais.

O escenario demográfico galego, marcado por un intenso envellecemento da poboación, demanda cada vez un maior esforzo do sistema de protección social, en concreto da protección das persoas maiores en situación de dependencia.

A finais de 2016, en Galicia existían 79.530 solicitudes formalizadas para acceder ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), un 0,4% máis que no ano anterior. Este leve incremento estaría posiblemente motivado pola apertura do sistema aos graos de dependencia máis moderados (grao I). O número de solicitudes rexistradas en Galicia no ano 2016 supoñen o 4,9% do total estatal, en relación á poboación empadroada, as solicitudes rexistradas representan o 2,9% da poboación da CCAA, fronte ao 3,5% de media no Estado.

Se se teñen en conta que no momento de recoller os datos, decembro de 2016, había 1.700 solicitudes pendentes de valoración, o número de beneficiarios con dereito a prestación era de 66.494 persoas, das que 24.907 están recoñecidas como grandes dependentes, un colectivo que aumentou no último ano en case 1.800 persoas. O número de beneficiarios con dereito a prestación de grao II, ou dependencia grave, ascendeu a 23.560, inferior neste caso ao de anos anteriores. O grao I, afectación moderada, incrementa o número de beneficiarios rexistrados, con 18.027, fronte aos 17.889 do ano anterior.

Un indicador significativo da evolución do sistema é a análise da evolución do número de persoas con prestación. O número de persoas atendidas polo sistema de dependencia volve a aumentar no ano 2016 para situarse en 49.101, o 5,7% dos beneficiarios totais estatais. A pesar do citado aumento o sistema continúa sen atender a 17.393 persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións. Unha lista de agarda que descende no último ano en 6.279 persoas, pero que continúa sendo moi elevada, xa que supón arredor do 26% das persoas dependentes en Galicia.

O CES quiere chamar a atención na necesidade de avanzar na redución das listas de agardados nos casos de persoas dependentes con valo-

ración positiva para acceder ás prestacións, xa que están nesta situación o 26 % das persoas dependentes en Galicia.

Unha variable básica á hora de avaliar a calidade da asistencia ás persoas en situación de dependencia é a existencia de suficientes prazas residenciais en centros específicos. Galicia conta en 2016 con 342 residencias e 20.467 prazas residenciais. Dos ditos 342 centros residenciais existentes en Galicia no 2016, o 79,5% son de titularidade privada, así como o 78,6% das prazas totais (16.094 prazas privadas). Por outra banda, Galicia dispón de 70 residencias e 4.373 prazas con financiamento público. A porcentaxe de prazas residenciais públicas sobre o total en Galicia acada o 21,4%.

A ratio de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 anos ou máis é de 4,19 de media en España; a dita ratio en Galicia é só de 3,06 prazas. No que respecta aos centros de día, das 8.080 prazas existentes en Galicia o 60,1% son de titularidade privada.

No estudo levado a cabo na presente Memoria socioeconómica, obsérvase como a situación e evolución dos niveis de pobreza, desigualdade e cohesión social en Galicia, están claramente condicionados polas características da demografía galega. Así mesmo, a composición dos fogares en Galicia mostra claramente a problemática demográfica que afrontamos. O 31 de decembro de 2015, o 33,2% dos fogares galegos estaban compostos por unha parella con fillos, un punto porcentual menos que no ano 2009, seguidos dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 23,2%, case medio punto porcentual máis que no ano 2009. O cambio nos modelos familiares, así como a reducida taxa de natalidade, favorece esta evolución. Por outra banda, tamén se incrementan os fogares unipersoais, que representan o 21,7% dos fogares galegos; neste sentido dos 229.780 fogares unipersoais existentes en Galicia no ano 2015, en 121.297, o 53%, a persoa ten máis de 65 anos.

En 2016 Galicia contaba cun total de 566 escolas infantís, que ofertaban 29.927 prazas. Se se ten en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 79.260 nenos, a ratio praza por cada 100 nenos sitúase en 37,8. O descenso da poboación de 0 a 3 anos, así como

un aumento no número de prazas (arredor das 1.300 prazas máis no ano 2016), e centros (no ano 2016 rexístranse 70 centros de iniciativa privada máis que no ano anterior), permite un incremento da ratio prazas/poboación.

Na valoración da evolución dos niveis de benestar dunha sociedade, o CES considera fundamental destacar a incidencia dos distintos tipos de violencia e, en especial, da violencia de xénero.

Con relación á violencia de xénero, en Galicia o número de chamadas pertinentes realizadas ao 016 acadou no ano 2016 o valor máis elevado dende que se puxo en funcionamento o servizo, con 4.026 chamadas, un 8,4% máis que no ano anterior, das que 2.801 foron realizadas polas propias usuarias (4,9% máis que en 2015) e 1.130, por familiares ou persoas achegadas (15,9% máis). Non obstante, o número de denuncias realizadas no último ano diminúe significativamente respecto ao ano anterior, rexistrándose un total de 4.175 denuncias (5.210 en 2015), o 3,8% do total estatal.

No ámbito das actuacións dirixidas á atención de menores en situación de desprotección social e de prevención da violencia ou maltrato infantil, na comunidade autónoma existen diferentes programas e actuacións. Dentro dos programas de garda e custodia de menores, destacar que no ano 2015 en Galicia 1.599 menores estaban tutelados pola Xunta de Galicia; 644 menores estaban en situación de garda, dos que 630 tiñan unha garda administrativa e 14 garda xudicial; 1.251 familias acolleron a 1.308 nenos e nenas e 1.249 nenos estaban en situación de acollemento residencial, así como 35 menores estranxeiros non acompañados estaban tutelados pola Administración.

O CES considera necesario potenciar as medidas de apoio e de protección á xente nova, especialmente aos menores, e ás familias máis vulnerables.

No que respecta aos programas de apoio para acadar a integración sociofamiliar dos nenos, entre outros, no ano 2015 en Galicia existían 43 centros de atención de

día aos que asistiron 470 menores; foron atendidos 368 nenos e 199 familias nos programas de integración familiar; beneficiáronse 195 menores dos programas de avaliación e tratamento terapéutico; e asistiron 195 adolescentes a programas de intervención ambulatoria.

Cobertura social

O CES insta a reforzar o sistema de protección social como elemento de cohesión e diminución das desigualdades, especialmente na nosa comunidade onde a estrutura económica e demográfica determinan unha gran dependencia de prestacións e subsidios sociais.

O sistema de protección social é un elemento fundamental de cohesión e de diminución das desigualdades. Esta función é especialmente relevante en territorios como Galicia, onde a súa estrutura económica e demográfica determinan que as prestacións e subsidios sociais sexan a principal fonte de rendas de moitos fogares, en concreto o 31 de decembro de 2015, arredor do 32% dos fogares galegos (372.475 fogares) recibían exclusivamente ingresos procedentes de prestacións, e no 44,7% dos fogares galegos a prestación é a principal fonte de ingresos, porcentaxe que ascende ata o 53,7% nos concellos con menos de 10.000 habitantes.

Estes datos revelan a importancia do sistema de protección social en Galicia, onde no 44,4% dos fogares os ingresos por prestacións representan máis dun 50% do total.

O CES solicita que, no marco do Pacto de Toledo se realicen propostas de adaptación e reforma do sistema baseadas en acordos políticos e sociais amplos, para garantir o mantemento do nivel de protección social e a sustentabilidade do sistema. Así mesmo insta a apostar por un modelo produtivo de alto valor engadido que xere emprego de calidade, como unha das medidas que poderían contribuír á estabilidade financeira do sistema a longo prazo.

O número de beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego acada en Galicia no ano 2016 as 897.980 persoas, 7.591 beneficiarios menos que no ano anterior. Fronte ao incremento de 4.200 beneficiarios de pensións contributivas, diminúen lixeiramente os de pensións non contributivas, con 970 menos, así como, un ano máis de xeito especialmente notable, os beneficiarios de prestacións por desemprego, cunha redución de 10.821 persoas.

O número de pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia, é de 754.900 pensións, un 0,6% máis que no ano anterior. O importe medio das pensións contributivas en Galicia no ano 2016 foi de 762,64 €/mes, o segundo máis baixo de todas as CCAA, só superior ao importe medio en Estremadura, aumentando o diferencial coa media estatal ata aos 140,9 euros ao mes.

As pensións de xubilación, co 62,1% do total, son as que acollen o maior número de beneficiarios e o importe medio máis elevado. No ano 2016, o número de beneficiarios de pensións contributivas por xubilación en Galicia foi de 468.600 persoas, tres mil cen beneficiarios máis que no ano anterior, e o importe medio mensual foi de 866,2 euros, inferior en 176,5 euros ao importe medio do Estado.

As segundas pensións en importancia, en canto ao importe medio mensual, son as de incapacidade permanente. O número total desta clase de pensións no ano 2016 aumentou levemente ata as 69.000, e o seu importe medio mensual aumentou para situarse nos 825,4 euros mensuais, 104,3 euros inferior á media estatal.

No ano 2016, o número de beneficiarios de pensións contributivas de viuvez en Galicia ascendeu a 187.100 (o 7,9% do total estatal) e o seu importe medio mensual a 540,15 euros, o máis reducido do conxunto do Estado, con 98 euros menos ao mes que a media. O resto de pensións, de orfandade e favor familiar, teñen unha reducida significación no sistema, con 30.100 beneficiarios (o 7,9% do total de España) e perciben de media 390,1 euros mensuais.

Por réximes de protección, aumentan as pensións pro-

cedentes do Réxime Xeral e diminúen as do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA). O Réxime Xeral aglutina o 52,4% do total de pensións, e rexistra en 2016 un incremento de 0,9 puntos porcentuais, o que contrasta co descenso de 0,7 puntos porcentuais das pensións do RETA que representa o 35,4% do total de pensións no ano 2016, fronte ao conxunto do Estado, onde só representan o 20,6% do total. O importe medio das pensións contributivas foi de 897,6 €/mes no réxime xeral (999,7 €/mes no conxunto do Estado) e de 547,9 €/mes no R.E. de Autónomos (629,4€/mes en España).

O sistema de protección engloba outras prestacións, tanto de carácter contributivo como non contributivo. Dentro das prestacións contributivas inclúense as prestacións por incapacidade temporal e as asociadas ao nacemento e coidado de menores; e dentro das prestacións non contributivas destacan as pensións de xubilación e viuvez, as prestacións da LISMI e as prestacións familiares.

A incapacidade temporal é un subsidio que cobre a perda de rendas no período no que o traballador está incapacitado para traballar. O incremento no nivel de ocupación, leva aparelado un incremento no número de procesos por incapacidade temporal en vigor; así a finais de 2016 o número de procesos en vigor era de case 32.000, dos que o 86% era por continxencias comúns. A duración media dos procesos con alta é de 61,9 días para as continxencias comúns e de 51 días para as continxencias profesionais.

As pensións non contributivas asegúranlles a todos os cidadáns unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios, aínda que cotizasen ou o fixesen de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.

Tal como se observa en anos anteriores, no 2016 segue a tendencia de redución no número de beneficiarios de prestacións non contributivas en Galicia, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, e o número total de beneficiarios destas pensións sitúanse nas 41.277 persoas. O sinalado descenso no número de beneficiarios, afecta tanto as pensións de invalidez como de xubilación. O 62,2% do total de beneficiarios de pensións

non contributivas en Galicia, teñen unha pensión de xubilación e o restante 37,8%, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas é de 355,4 euros para as pensións por xubilación e de 394,8 euros para as pensións por invalidez.

No que respecta ás prestacións por desemprego, no último ano mantense a redución do número de beneficiarios destas, cunha caída do 9,6% con relación co ano anterior en Galicia e do 7% no conxunto do Estado. En Galicia rexístranse 101.803 beneficiarios de prestacións por desemprego, o 5,1% dos beneficiarios totais do Estado.

A caída de beneficiarios prodúcese tanto no número de perceptores de prestacións contributivas como de subsidios, da renda activa de inserción e de beneficiarios do programa de activación para o emprego destinados a persoas desempregadas de longa duración e que ten unha duración máxima de seis meses para cada beneficiario. Non obstante o maior descenso, tanto en termos absolutos coma relativos, rexístrase entre os beneficiarios de subsidios, un 13,3% de caída, e os beneficiarios descenden ata as 45.574 persoas. Os beneficiarios de prestacións contributivas tamén caeron un 6,2%, ata acadar as 44.506 persoas.

No ano 2016, o 44,8% dos beneficiarios da prestación por desemprego teñen dereito a subsidio e o 43,7% á prestación contributiva, fronte ao 46,6% e 42,1% respectivamente do exercicio anterior.

Dende o punto de vista do alcance do sistema de protección, o principal indicador é a taxa de cobertura, que mide a porcentaxe de parados con experiencia laboral que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. No ano 2016 a taxa de cobertura continua a senda de descenso, ata acadar o 51,9%, o que supón un descenso de 0,5 puntos porcentuais en relación ao ano anterior e de máis de 30 puntos porcentuais con respecto a 2008.

No ano 2016 o sistema en Galicia protexía a pouco máis da metade da poboación desempregada susceptible de recibir algún tipo de prestación, cando no ano 2008 a protección era do 84%, e chega ao 95 % na media do Estado.

O CES chama a atención sobre a necesidade de mellorar e ampliar a cobertura por desemprego con reformas no sistema de protección que cubran as necesidades da poboación parada e reclama medidas específicas para os traballadores con especiais dificultades de inserción laboral.

As rendas mínimas de inserción, en concreto a renda de integración social (Risga) e as axudas de inclusión social (AIS), están destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia e a posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social.

O 31 de decembro de 2016 en Galicia estaban rexistradas 10.761 persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia (Risga), o que indica un aumento de 1.048 persoas con relación ao ano anterior, cunha contía básica para un perceptor de 399,38 (75% do IPREM). O incremento do número de beneficiarios no último ano foi do 10,8% con relación ao ano anterior, onde destacan incrementos por riba da media galega nas provincias de Ourense (13,3% máis) e en Pontevedra (11% máis). O importe medio ascendeu a 434 euros mensuais, 3,5 euros máis que en 2015.

As axudas de inclusión social concedidas no ano 2016 foron 2.879, 152 máis que no ano anterior, cun importe medio de 1.127,20 euros ao mes. Fronte o aumento do 5,6% no número de persoas beneficiarias destas axudas na nosa comunidade, cómpre salientar o incremento de máis do 23% nos beneficiarios na provincia de Pontevedra.

Medio ambiente e desenvolvemento sustentable

Dada a importancia da preservación do medio ambiente, a loita contra o cambio climático e o desenvolvemento sustentable, o CES insta os poderes públicos a reforzar os medios existentes, a concienciar e educar, así como a promover medidas para acadar un desenvolvemento económico compatible coa preservación do noso contorno.

O cambio climático é unha ameaza sen precedentes para a paz, a prosperidade e os obxectivos de desen-

volveremento sustentable. Sobre esta base o pasado 4 de novembro de 2016 entrou en vigor o Acordo de París para limitar o quecemento global. A nivel europeo a Estratexia Europa 2020 sinala como obxectivos de sustentabilidade os de acadar no ano 2020 unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro (GEI) do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.

As emisións de GEI en Galicia no ano 2015 situáronse un 1% por riba das rexistradas no ano 1990, e afastáronse do obxectivo fixado na Estratexia Europea 2020, aínda que se reducen con relación ao ano anterior. A redución das emisións concéntrase fundamentalmente nos sectores difusos con descensos arredor do 2,8% nas súas emisións fronte á caída do 0,9% nas emisións dos sectores sometidos a dereitos de emisións, con datos de 2014, últimos dispoñibles.

A evolución das emisións de GEI permiten valorar a efectividade da loita contra o cambio climático, así mesmo, outro indicador importante é a evolución e o volume de gasto que realizan as empresas para reducir as emisións contaminantes, que permite avaliar os resultados das políticas nacional e comunitaria nesta área medioambiental. Neste sentido o gasto da industria galega en protección ambiental aumenta no ano 2014 (último dispoñible) un 3,9% con relación ao ano anterior, o que supón 6,5 millóns de euros máis, un incremento consecuencia case na súa totalidade do aumento do gasto en investimento.

Dado o aumento nas emisións de gases de efecto invernadoiro e o seu efecto adverso na loita contra o cambio climático, o CES considera necesario aumentar os esforzos na redución deste tipo de emisións e contribuír así a acadar os obxectivos fixados na Estratexia europea 2020 para un crecemento intelixente, sustentable e integrador.

A protección do medio ambiente tamén pode ser valorada con relación á superficie que en cada territorio está baixo algún tipo de protección. Neste sentido o 12% da superficie terrestre de Galicia está protexida, o

que representa 397.660 hectáreas, das que o 99,5% conta con algún instrumento de planificación. Existen distintos réximes de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais, europeas así como convenios internacionais.

Galicia é a sétima comunidade con menor superficie terrestre protexida con relación á súa superficie territorial total. A falla de protección específica para determinadas zonas e especies sensibles e, fundamentalmente, os incendios forestais son as principais ameazas medioambientais en Galicia.

Galicia é unha das máis importantes potencias forestais de Europa, cunha superficie forestal arborada de máis de 1.400.000 hectáreas, o que representa o 48 % de todo o territorio. Dos 1,4 millóns de hectáreas forestais arboradas, máis de 120.000 corresponden á superficie forestal certificada, o que sitúa a Galicia á fronte do Estado en canto a xestión forestal sustentable. Non obstante, o IV Inventario Forestal Nacional revela que o monte galego rexistra un forte envellecemento e un empeoramento do seu estado de saúde, e existen arredor de 600.000 hectáreas de monte improdutivo.

No que atinxe aos incendios forestais o avance de datos correspondentes ao ano 2016, destacan especialmente a redución tanto no número de conatos (<1 ha) como de incendios forestais (13% e 24%, menos respectivamente), un descenso que vén acompañado de fortes incrementos na superficie queimada, incrementos superiores ao 70% con relación ao ano anterior, e chega ao 92% máis no caso das superficie arborada afectada.

Ao longo do último ano declaráronse 2.198 sinistros, dos que 1.773 teñen menos dunha hectárea e 425 afectan a unha superficie superior á hectárea. Con relación ao conxunto do Estado, Galicia sufriu o 27,4% dos sinistros rexistrados, onde a superficie total queimada representa o 35,7% da superficie forestal total afectada polo lume a nivel estatal.

Ao igual que en anos anteriores, Ourense volve a ser a provincia onde se rexistraron o maior número de sinistros, cun total de 679 lumes. O 31% dos sinistros de Galicia tiveron lugar nesta provincia, representando a



superficie queimada nos mesmos o 54% do total.

Relacionado cos incendios forestais, cómpre destacar que as repoboacións en Galicia se reducen exclusivamente a especies produtoras, e non existen repoboacións das chamadas especies protectoras, que favorecen e melloran a conservación e diversidade forestal.

Dada a importancia económica e medioambiental das rías galegas, o CES chama a atención sobre a necesidade urxente do saneamento integral destas.

Con relación aos residuos sólidos urbanos, no ano 2014 (último dato dispoñible) a recollida de residuos sólidos urbanos descende un 20,8% para situarse nas 857 mil toneladas, o 4% do total estatal. Atendendo á desagregación segundo tipo de residuos, este descenso rexístrase só no caso dos residuos mesturados fronte ao incremento no volume de residuos recollidos selectivamente. En termos anuais por habitante, en Galicia recolléronse un total de 273,8 kg, o que a sitúa como a segunda comunidade autónoma con menor recollida.

Finalmente, no que respecta aos residuos industriais, no ano 2014 (último dato consolidado), xeráronse en Galicia 2,4 millóns de toneladas de residuos industriais, dos que 2,2 millóns (93%) son residuos non perigosos. Os residuos de construción e demolición son os de maior xeración (32%) seguidos dos residuos procedentes do tratamento de residuos e auga e dos procesos de tratamento térmico.

A perigosidade ou non do residuo marca a xestión deste, xa que o residuo non perigoso está nun 82% destinado a valorización material e o residuo perigoso está destinado maioritariamente á eliminación en depósito de seguridade (65%) e nun 32% a valorización material deste.

Ocio e cultura

A distribución funcional do orzamento de gastos da Administración xeral amosa que, dentro da produción de bens públicos de carácter social, o crédito dedicado a cultura ascende en 2017 a 64 millóns de euros, un 3% máis que o ano anterior, e o número de persoas ocu-

padadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia no ano 2016 é de 29.200 persoas, o que representa o 5,4% do emprego cultural no conxunto do Estado.

O gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega ascendeu no ano 2014, último dispoñible, a 62,2 millóns de euros, o que indica unha redución do 8% con relación ao ano anterior (5,4 millóns de euros menos), o seu peso no PIB é do 0,12% e a porcentaxe de gasto liquidado do 0,69% sobre o total do orzamento inicial. A redución do gasto liquidado en cultura vén explicada pola redución de case o 17% no gasto das actividades incluídas dentro do apartado de bens e servizos culturais.

No que respecta ao gasto cultural nos fogares galegos, no ano 2015 rómpese coa tendencia de anos anteriores e increméntase o gasto destinado a consumo cultural por parte das familias, tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

A poboación galega gastou máis de 635 millóns de euros en cultura no ano 2015, un 15,9% superior ao realizado no ano anterior, un incremento moi superior ao rexistrado de media no Estado, onde o gasto nos fogares destinado a consumo cultural permanece estancado. Galicia é a comunidade onde máis se incrementou o gasto total en bens e servizos culturais no último ano. A pesar deste forte incremento, continúa no sexto lugar do total de comunidades autónomas en canto a gasto total en cultura, acadando o 5,3% do gasto total en España.

O principal destino deste gasto é o consumo de servizos culturais e a compra de equipos e accesorios de tratamento de información e internet. 

5. Recursos e capacidades para o desenvolvemento

Capital humano

A incorporación do ámbito educativo como un dos cinco obxectivo prioritarios da Estratexia Europa 2020 reflicte a súa importancia para acadar un crecemento intelixente, sustentable e integrador. Os dous indicadores para medir o cumprimento deste obxectivo son que como mínimo o 40% da poboación entre 30 e 34 anos teña educación superior e, en segundo lugar, a redución ata o 10% do abandono educativo temperán, definido como a porcentaxe da poboación entre 18 e 24 anos que non finalizou a segunda etapa da ESO e non segue ningún tipo de estudo.

O CES insiste na necesidade da elaboración consensuada dunha lei educativa con intención de permanencia.

A pesares das melloras producidas, o CES advirte a Administración pública que cómpre insistir en medidas de apoio que rebaixen as cifras de abandono escolar temperán, xa que son a antesala dos seguintes problemas de fracaso escolar, laboral e económico.

Mentres que Galicia cumpre xa co primeiro dos obxec-

tivos, a comunidade atópase aínda moi lonxe no caso do abandono educativo temperá. No ano 2016 o 44,3% da poboación galega nesa franxa de idade ten o dito nivel de estudos (40,1% no conxunto do Estado), e esta ratio é significativamente superior entre as mulleres, cun 51,1% fronte ao 37,6% nos homes (46,6% e 33,5% en España, respectivamente). Por contra, o abandono educativo temperán sitúase nese ano no 15,7%, porcentaxe inferior á media española (19%) aínda que moi lonxe da media europea (10,7%). Ao igual que no obxectivo anterior, as mulleres presentan datos moito mellores que os homes, e o abandono educativo temperán sitúase no 11,2% entre as mulleres e no 19,1% nos homes.

Considérase necesario que a educación e a formación sexan innovadoras e de calidade para proporcionar coñecemento e competencias eficaces que favorezan o desenvolvemento integral das persoas, a súa empregabilidade e o emprendemento.

Os resultados do sistema educativo galego poden medirse tamén, de xeito indirecto, a través do nivel educativo da poboación con idades comprendidas entre 25

e 64 anos. Segundo os datos da Enquisa de poboación activa, en Galicia a porcentaxe de persoas que ten a segunda etapa de educación secundaria completada representa no ano 2016 tan só o 20,8%, porcentaxe que se sitúa por debaixo tanto da media española como europea (22,6% e 46,3%, respectivamente). Por contra, Galicia presenta un nivel similar ao conxunto do Estado no caso da poboación con estudos superiores (35,7%) aínda que moi superior á media comunitaria (30,7%). O 43,5% restante non ten completada a 2.ª etapa da ESO, sendo esta ratio do 23% na UE-28 e do 41,7% no conxunto do Estado.

No que respecta ás ensinanzas non universitarias de réxime xeral, no ano 2015 (último dato dispoñible) descende o número de unidades en funcionamento ata as 18.870, das que tres cuartas corresponden a centros públicos. Das ditas 18.870 unidades, o 34,5% das unidades en funcionamento corresponden ao ensino privado e un 22,8% á enseñanza secundaria obrigatoria.

Con relación ao ano 2008 cómpre resaltar o incremento das unidades mixtas infantil/primaria, se ben a un ritmo inferior ao peche destas unidades por separado. Doutra banda, aumenta o número de unidades onde se imparten ciclos formativos, e aumenta tanto no caso dos ciclos de grao medio como superior (acollen o 11,6% das unidades fronte ás case 9 do ano 2008).

O CES entende necesaria unha maior flexibilización dos procedementos e da estrutura administrativa das institucións de educación superior que permita, tanto adaptarse as distintas modalidades de formación que demanda a sociedade actual, como incrementar a colaboración empresa-universidade para unha maior transferencia de coñecemento.

Segundo as estimacións proporcionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no curso 2016-17 continúa o incremento do alumnado nos centros públicos, que acollen ao 72,% do alumnado total, aumenta tamén o profesorado neste curso con relación ao ano anterior (79,7% están nos centros públicos). Non obstante, dende o curso 2008-09 o número de alumnos de educación xeral non universitaria matriculados en Galicia en centros públicos incremen-

touse arredor das 14.500 persoas, mentres que o profesorado descendeu aproximadamente en 1.100 persoas.

No que ao bacharelato se refire, cómpre destacar que no curso 2016-17 a metade do alumnado está matriculado na modalidade de ciencias, fronte ao 44,8% no de Humanidades e Ciencias Sociais. Con relación ao curso 2009-10, descende lixeiramente estas porcentaxes (51% e 45,6% nese curso, respectivamente), aumentando por contra a modalidade de artes, que acolle o 3,5% do alumnado no 2009-10 e o 4,8% no último curso.

O CES resalta a importancia do papel das bolsas e axudas públicas para garantir o acceso equitativo á educación e a igualdade de oportunidades, contribuíndo así ao aumento e mellora do capital humano.

As ensinanzas de formación profesional veñen experimentando un forte impulso nos últimos anos, e esta tendencia mantense crecente tanto nos centros públicos como privados. O número de persoas que están matriculados nestes ciclos formativos ascende no curso 2015-16 a 48.968, o que representa o 6,4% do total estatal. O 48, % do alumnado está matriculado nos ciclos formativos de grao superior fronte ao 44,5% nos ciclos de grao medio e o 7,2% restante na FP básica. Así mesmo, cómpre resaltar a evolución da demanda da formación dual, e no ano 2016 asináronse un total de 22 convenios, de xeito que no último curso un total de 505 alumnos cursaban esta modalidade de estudos (301 cursan o grao superior e 204 grao medio). No último ano o número de empresas con convenios en vigor ascende a 55.

No que ás familias profesionais se refire, os datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, reflicten unha distribución moi desigual segundo sexos. Dunha banda, nos ciclos formativos de grao medio, o 34,2% das mulleres están matriculadas na modalidade de sanidade, en tanto que os homes prefiren a electricidade e mecánica (16,1%) e transporte e mantementos de vehículos (15,5%). Por outra banda, nos ciclos formativos de grao superior as mulleres matricúlanse maioritariamente nas modalida-

des de administración e xestión (21,9%), servizos socioculturais e á comunidade (20%) e seguridade e medio ambiente (17%), mentres que entre os homes a modalidade con máis matriculacións son as de informática e comunicacións (18%), electricidade e electrónica (13,9%) e administración e xestión (10%).

Dado o avance da formación profesional dual, en opinión do CES é necesario completar a súa normativa reguladora para dotar dun marco homoxéneo e estable a esta modalidade en todo o territorio español.

Con relación ao curso 2011-12, nos ciclos formativos de grao medio entre as mulleres salienta o incremento do peso relativo experimentado na modalidade de servizos socioculturais e á comunidade (case sete puntos porcentuais) e no ámbito sanitario (case tres puntos), mentres que entre os homes salienta o incremento en case 5 puntos das matriculacións en transporte e mantemento de vehículos. No ámbito do ciclo superior, ademais de impartirse a modalidade nova de imaxe e son, salienta o incremento da importancia relativa da hostalería entre as mulleres (3,6 puntos porcentuais) e a dos estudos de informática e comunicacións entre os homes (2,8 puntos).

As reducidas taxas de reposición do profesorado existentes afectan en especial a comunidades como Galicia, que presenta unha idade media do profesorado entre as máis elevadas do Estado: arredor do 40% dos mestres e profesores de educación secundaria teñen máis de cincuenta anos, e a porcentaxe do profesorado con máis de 60 anos é do 7,4% no caso dos mestres (4,6% de media en España) e do 8,2% no dos profesores da ESO (4,8% no conxunto do Estado).

A integración das TIC nas aulas é un dos aspectos importantes do sistema educativo. No último curso mantense o número de centros participantes no proxecto Abalar (430 públicos e 102 centros privados concertados), e supéranse os 50.000 alumnos (30.268 alumnos de primeiro e segundo da ESO). Así mesmo, 107 centros da rede Abalar, que imparten 5.º e 6.º de educación primaria e/ou 1.º curso da ESO, participan no proxecto de educación dixital E-DixGAL de uso de materiais curriculares en formato dixital. Deste xeito, máis

de 6.800 alumnos acceden a contidos educativos dixitais a través do equipamento e infraestrutura da rede Abalar.

Ante a persistencia e as consecuencias que supón o acoso escolar, o CES quere facer un chamamento a todos os axentes formais e informais que participan de forma activa no ámbito educativo para que se poñan os medios necesarios para o desenvolvemento de accións específicas que freeen e impidan este tipo de situacións, poñendo especial énfase no papel das novas tecnoloxías nos novos casos de violencia escolar.

No que respecta ás ensinanzas universitarias, un ano máis o sistema universitario galego rexistra unha redución no número de alumnos matriculados, que se sitúa nos 59.360 alumnos no curso 2015-16, un 2,4% menos que no curso anterior. O 43,4% dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas, seguíndolle en importancia as carreiras técnicas, que acollen o 24,3% dos alumnos, e as ciencias da saúde, cun 16,5%. Esta distribución é sensiblemente diferente no caso das mulleres, onde o 48,1% están matriculadas nas ramas de ciencias sociais e xurídicas fronte ao 22% nas ramas de ciencias da saúde e un 12,4% nas enxeñarías e arquitectura, case dez puntos menos que no caso dos homes.

No que aos indicadores de demanda se refire, a taxa de preferencia do alumnado, medida como a porcentaxe entre o número de estudantes preinscritos en primeira opción e o número de prazas ofertadas, sitúase en Galicia no 152,2% fronte ao 157,2% do sistema universitario español. Dende o lado da oferta, a relación entre matrícula de novo ingreso en primeira opción e a matrícula total de novo ingreso (taxa de adecuación) foi no curso 2016-17 do 73,1%, case dous puntos superior á do conxunto do Estado.

Finalmente, cómpre salientar que malia que as universidades galegas non figuran nos primeiros postos no ranking da clasificación de Shangái das 500 mellores universidades do mundo, centrado na investigación (só figura a Universidade de Santiago de Compostela, entre o posto 301 e 400), é necesario relativizar estas com-

parativas de resultados, tendo en conta os recursos utilizados, pois as institucións líderes nese ranking dispoñen dun financiamento moi superior.

Competitividade rexional e índice sintético de innovación

Á hora de medir a competitividade e a innovación nas rexións europeas, a Comisión Europea elabora dous índices, o índice de competitividade rexional (ICR) e o índice sintético de innovación (ISI). Dunha banda, o ICR considera tres dimensións de análise, que de menor a maior avance de desenvolvemento, son o básico, que engloba as variables relacionadas coas institucións, estabilidade macroeconómica, as infraestruturas, a sanidade e a educación básica; a dimensión de eficiencia, na que se considera a educación superior e a educación continua, a eficiencia do mercado de traballo e o tamaño do mercado; e, en terceiro lugar, a dimensión da innovación, que é a fase máis desenvolvida, no que se inclúen indicadores de madurez tecnolóxica, sofisticación empresarial e a innovación.

No seu conxunto, o ICR acada en Galicia un valor de 37,6 puntos sobre 100, o que a sitúa no posto 183 das 263 rexións europeas analizadas (55 puntos no conxunto do Estado). Atendendo á súa distribución segundo dimensións, cómpre mencionar que Galicia presenta valores sensiblemente inferiores ás rexións españolas máis avanzadas como País Vasco e Madrid, e estes índices sitúanse en 51,8 puntos no caso da dimensión básica e en 49,2 e 34,7 puntos nas dimensións de eficiencia e innovación, respectivamente.

Para avanzar no medio prazo no índice de competitividade rexional, Galicia precisa facer especial fincapé na dotación de infraestruturas e nas reformas que afectan ao tamaño do mercado.

Ao igual que no conxunto de España, os piares nos que mellor se atopa Galicia son os da sanidade e a educación básica (86 e 69 puntos, respectivamente), en tanto que os principais problemas son os das infraestruturas, con tan só 14 puntos sobre 100, e o tamaño de mercado, con 19 puntos. Así mesmo, cómpre mencionar que os piares de complexidade empresarial e innovación presentan valores inferiores a 27 puntos sobre 100.

Doutra banda, os valores dos parámetros recollidos no índice de innovación rexional reflicten que Galicia presenta unha maior fortaleza relativa en comparación coa UE en termos de educación superior, cunha valoración de 119,7 puntos (UE-28=100), rexistrándose os valores máis reducidos no caso das empresas innovadoras en márketing ou na organización (35,5 puntos), solicitudes de patentes europeas (41,7 puntos) ou no gasto en innovación distinto ao gasto en I+D (44,9). Con relación aos datos de 2008, Galicia presenta unha mellora relativa no ámbito das vendas debidas a novas innovacións, así como na colaboración empresarial, na solicitude de patentes e en menor medida, no indicador de empresas innovadoras en márketing ou procesos organizativos.

A mellora no índice sintético de innovación debe centrarse en dous piares: o estímulo do emprego cara a actividades intensivas en coñecemento con ratios de produtividade maiores (a través das políticas de I+D, do apoio ao emprendemento, do estímulo á modernización tecnolóxica, entre outras) e as reformas normativas que fomenten os incentivos correctos para liberar o potencial do noso capital humano e incrementar a eficiencia na utilización dos recursos.

Innovación e tecnoloxía

A dita Estratexia Europa 2020 fixa como obxectivo elevar o investimento en actividades de I+D ata o 3% do seu PIB no ano 2020, ao considerarse un elemento fundamental para asegurar a competitividade, para crear emprego de calidade e facer fronte aos cambios sociais e ambientais.

No ano 2015, último dato dispoñible, o gasto interno nas actividades de investigación e desenvolvemento volve a presentar en Galicia un mellor comportamento que a media estatal, ao medrar un 4% respecto do ano anterior fronte ao 2,7% en España.

O dito incremento explícase polo comportamento do gasto en I+D no ámbito público (9,2% máis que no ano anterior) que compensa o descenso experimentado no sector empresarial (1,7%). Neste último ano, o gasto en actividades de I+D ascende a 496,6 millóns de euros, o



que representa o 3,8% do total estatal (3,7% no ano anterior).

O esforzo investidor, entendido como o cociente entre o gasto nestas actividades de I+D e o PIB, mantense nos últimos tres anos arredor do 0,90%, máis de tres décimas inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (1,22% do PIB en 2015), e este diferencial é de 1,14 puntos con relación á media da UE-28 (2,03% do PIB no último ano). Este esforzo investidor galego no ano 2015 está lonxe do obxectivo do 1,7% fixado no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 para o ano 2020, do que dous terzos lle corresponderían ao sector privado.

O incremento do gasto interno en I+D no último ano en Galicia, xunto coa redución na poboación residente, fai que no ano 2015 se incremente o gasto interno en I+D por habitante, con 182,7 euros por habitante, oito euros máis que no ano anterior, lonxe da media estatal, que ascende a 282,9 euros por habitante. O valor deste indicador sitúase moi afastado do gasto das comunidades que realizan un maior esforzo, como son o País Vasco (579,7 euros por habitante), Madrid (538,2 euros por habitante) ou Navarra (467,6 euros).

A innovación tecnolóxica constante constitúe unha oportunidade para a mellora da nosa competitividade pero é tamén un desafío polo seu impacto, non so sobre a nosa economía senón sobre toda a sociedade. Neste sentido, o CES considera necesario estar atentos ao alcance das transformacións que traerá o desenvolvemento dixital.

Ao igual que no caso do gasto en I+D por habitante, os recursos investidos en I+D por investigador aumentan no último ano por riba da media española. Tras unha medra do 6,1% respecto do ano anterior (2,6% no conxunto do Estado), o gasto ascende ata os 92.499 euros, que representa o 86% do total estatal (107.580 euros).

A distribución da carga do gasto en I+D, segundo sectores de execución, mostra que en Galicia o 55% do dito gasto está realizado polo sector público (Administración pública e ensino superior), fronte ao 45% do sector empresarial. A nivel estatal o gasto executado polo sector empresas é historicamente superior ao re-

xistrado por parte do sector público, representando no último ano o 52,5% do gasto en I+D, en tanto que en CC.AA. como País Vasco ou Navarra (73,8% e 68%, respectivamente).

No concernente ao persoal de I+D empregado en xornada de equivalencia completa, no ano 2015, a diferenza do acontecido no ano anterior, descende en Galicia o que contrasta co aumento no conxunto do Estado. No ano 2015 a comunidade autónoma conta con 9.038 empregados nestas actividades, un 3,9% menos que no ano anterior (aumenta un 0,3% en España). En termos relativos, Galicia conta con 7,2 persoas en equivalencia a xornada completa por cada 1.000 activos, lonxe da media española que é de 8,8 persoas por cada mil activos.

No que ao persoal investigador se refire, Galicia conta no ano 2015 con 5.368 investigadores, dos que o 55,8% traballan no sector do ensino superior, o 31,6% no sector empresarial, e un 12,5% na Administración pública. Por contra, no conxunto do Estado o ensino superior acolle o 46,6% dos investigadores, nove puntos porcentuais menos que en Galicia, en tanto que no sector privado traballa o 36,9% dos investigadores e na Administración pública un 16,3%.

En relación cos indicadores de alta tecnoloxía, que proporcionan información sobre empresas con actividade nos sectores considerados de alta e media alta tecnoloxía, Galicia conta no ano 2015 con 104 empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía, o que supón o 4,7% do total existente en España. A pesar de que hai dúas empresas menos, o gasto en I+D e o emprego equivalente a tempo completo medran con relación ao ano anterior. Atendendo á súa incidencia no conxunto do Estado, Galicia acolle o 2,8% do gasto e o 3,3% do persoal en equivalencia a xornada completa.

No que atinxe ás empresas de servizos de alta tecnoloxía (información e comunicacións, agás edición, e investigación e desenvolvemento), no ano 2015 hai en Galicia 5 empresas menos rexistradas con relación ao ano anterior. As 142 empresas pertencentes a estes servizos representan o 5,8% do total estatal. O seu gasto en actividades de I+D mantívose lixeiramente por riba dos 77 millóns de euros, e os postos de traballo en equivalencia completa, descende ata os 1.430 empre-

gos. Con relación á situación no conxunto de España, Galicia acolle o 3,3% do gasto e o 4,5% do emprego total.

O comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía é un factor relevante á hora de medir a competitividade internacional dun territorio, polo que é importante reflectir o grao de internacionalización destas empresas. A actividade comercial destes produtos medra en Galicia un 11,2% respecto do ano anterior, para situarse nos 563,6 millóns de euros, o 1,7% do gasto en España. O saldo positivo da balanza comercial redúcese de xeito considerable e sitúase en 65,3 millóns de euros fronte aos 134,1 millóns do ano anterior. Esta evolución é consecuencia dun incremento superior ao 33% no valor das importacións e dun descenso do 1,9% do valor das exportacións.

O subsector de produtos químicos representa o 61,4% do valor total das exportacións galegas de produtos de alta tecnoloxía (60,9% no ano anterior), e o de material electrónico: equipos de radio, TV e telecomunicacións, supón o 14,7%. No que atinxe ás importacións, salienta o sector da construción aeronáutica e espacial, que concentra o 28,5% das compras exteriores, e o material electrónico un 28%.

Finalmente, no que respecta á innovación, cómpre salientar que a evolución desta está en gran medida determinada polo gasto por parte do tecido empresarial en actividades innovadoras. Galicia conta no ano 2015 con 924 empresas con actividades innovadoras, 49 menos que no ano anterior, descendendo o gasto ata os 461,2 millóns de euros (1,2% menos que no ano anterior). En 2015, a importancia relativa do gasto no conxunto do Estado é do 3,4%, e esta porcentaxe sitúase no 5,9% no caso do número de empresas. A súa intensidade innovadora, é dicir, a porcentaxe de gasto en actividades innovadoras sobre o volume da súa cifra de negocios, descende en Galicia ata o 1,6%, unha décima menos que no conxunto do Estado.

No período 2013-2015, o 26,7% do total de empresas con sede social en Galicia eran empresas innovadoras (28,5% de media no Estado), o que significa que existen 2.006 empresas innovadoras. Destas empresas, 1.630 empresas realizan innovacións non tecnolóxicas (en márketing ou organizativas) e 947 son empresas que

presentan innovacións tecnolóxicas (comprenden innovacións en produtos e procesos tecnoloxicamente novos, así como as melloras tecnolóxicas importantes destes). □



